



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

X lexislatura
Número 632
13 de maio de 2020



CSV: BOPGDSPGE6a6y5zc17

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

Preguntas orais ante a Deputación Permanente

Admisión a trámite e publicación

I 64069 – 64170 (10/PODP-007720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a detección pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia(Amtega) da fenda social no acceso a internet en Galicia [202528](#), [202530](#)

I 64143 (10/PODP-007783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre o motivo polo que o Goberno galego non recolleu nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia [202532](#)

I 64144 (10/PODP-007784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego en relación coa covid-19 tendentes a cumprir cos protocolos relativos aos equipos de protección dos bombeiros forestais [202534](#)

I 64153 (10/PODP-007785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das medidas adoptadas en relación coa posta en marcha do teletraballo e a necesidade de ampliar a cota [202537](#)

I 64154 (10/PODP-007786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da necesidade de dispoñer dun corpo de enxeñeiros e enxeñeiras en informática [202539](#)

I 64155 (10/PODP-007787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan de continxencia ou protocolo xeral de seguridade e saúde para a Administración xeral e institucional da Comunidade Autónoma que pre-



vexa a adopción das medidas preventivas para permitir o retorno dos servizos públicos de forma gradual e segura [202542](#)

I 64156 (10/PODP-007788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que realizou a Xunta de Galicia tendentes a garantiren a salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galicia diante da pandemia da covid-19 [202544](#)

I 64157 (10/PODP-007789)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a necesidade da posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria con recursos humanos e orzamento [202549](#)

I 64158 (10/PODP-007790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación do Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor do Pobo, do 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración asinado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, do 4 de xaneiro de 2019 [202552](#)

I 64160 (10/PODP-007791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o cumprimento polo Goberno da Xunta de Galicia do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia [202554](#)

I 64162 (10/PODP-007792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a composición do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante o Consello da Xunta do 17 de marzo de 2020 [202556](#)

I 64163 (10/PODP-007793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o resultado da consulta feita polo Goberno galego ás pemes en relación coa súa dispoñibilidade para poderen fabricar material de protección para combater o SARS-CoV-2 [202558](#)

I 64164 (10/PODP-007794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o regulamento do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario [202560](#)



I 64165 (10/PODP-007795)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre as garantías de seguridade no material que se lles subministra aos e ás profesionais sanitarias

[202562](#)**I 64166 (10/PODP-007796)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a garantiren a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego da factoría Alu Ibérica

[202565](#)**I 64171 (10/PODP-007797)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a decisión tomada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que considera a pesca fluvial como actividade deportiva

[202568](#)**I 64172 (10/PODP-007798)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan para o ensino de desconfinamento e de adopción de medidas fronte á covid-19

[202572](#)**I 64173 (10/PODP-007799)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a reclamación pola Xunta de Galicia ao Goberno español da posibilidade de acumular as prazas das oposicións docentes de 2020 e 2021 na OPE de Educación do ano 2021

[202574](#)**I 64175 (10/PODP-007800)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a distribución e a cantidade de material de protección e loita contra o SARS-CoV-2 que a Xunta de Galicia puxo á disposición das entidades locais (concellos e deputacións)

[202576](#)**I 64178 (10/PODP-007801)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre os criterios e indicadores científicos que avalaban a posición do presidente da Xunta de Galicia en contra da prórroga do estado de alarma

[202577](#)**I 64181 (10/PODP-007802)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia co fin velar pola seguridade e legalidade laboral nas obras do AVE en Galicia

[202579](#)

I 64183 (10/PODP-007803)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego para evitar despedimentos e a precarización das condicións laborais na empresa Noa Madera [202582](#)

I 64185 (10/PODP-007804)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e 4 máis**

Sobre a política que ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación da atención primaria [202586](#)

I 64186 (10/PODP-007805)**Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e 4 máis**

Sobre a rotulación das máscaras protectoras repartidas pola Xunta de Galicia [202590](#)

I 64191 (10/PODP-007806)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co Goberno do Estado desde o inicio da declaración do estado de alarma [202593](#)

I 64198 (10/PODP-007807)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis**

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para a dotación orzamentaria e a organización dos recursos materiais e humanos no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais para a prevención fronte á covid-19 [202595](#)

I 64199 (10/PODP-007808)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis**

Sobre a dotación orzamentaria que ten prevista a Xunta de Galicia para facer fronte á crise provocada pola covid-19 [202598](#)

I 64200 (10/PODP-007809)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 3 máis**

Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia co fin de resolver o problema de subministración de auga quente sanitaria a diversos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) [202600](#)

I 64205 (10/PODP-007810)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o investimento realizado pola Xunta de Galicia destinado a embalar co logo institucional as máscaras de protección repartidas [202602](#)

I 64214 (10/PODP-007811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que o Goberno galego non convocou os grupos parlamentarios a participar na mesa de negociación do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia [202604](#)

I 64215 (10/PODP-007812)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que o Goberno galego non facilitou información aos grupos parlamentarios sobre a constitución da mesa de negociación do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia [202606](#)

I 64216 (10/PODP-007813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non fixo chegar o borrador do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios [202608](#)

I 64217 (10/PODP-007814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 7 máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia de apoio ao pequeno comercio debido á nova situación provocada pola covid-19 [202610](#)

I 64218 (10/PODP-007815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a posición e a xestión do Goberno de Galicia en relación coa consecución da flexibilización do regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para integrar posibles axudas a mariscadoras e a transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura [202612](#)

I 64220 (10/PODP-007816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a actuación da Consellería do Mar en relación coa actividade do marisqueo, coa adopción de medidas de flexibilidade na cuantificación das perdas e a dotación do sector con medios preventivos [202614](#)

I 64221 (10/PODP-007817)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a actuación do Goberno central e, particularmente, do Instituto Social da Mariña (ISM) en relación coa atención á necesidade dun protocolo de actuación fronte a casos de covid-19 a bordo dos buques pesqueiros [202616](#)



I 64222 (10/PODP-007818)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a distribución de material para facer fronte á crise provocada pola covid-19 por parte das delegadas e delegados territoriais da Xunta de Galicia

[202618](#)**I 64228 (10/PODP-007819)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 3 máis**

Sobre a valoración e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia, cumprindo as condicións de concesión das centrais do Xallas, destinadas a garantir a actividade produtiva de XEAL (antiga Ferroatlántica)

[202621](#)**I 64230 (10/PODP-007820)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e 3 máis**

Sobre a necesidade dun novo modelo de financiamento para Galicia baseado nun concerto económico

[202624](#)**1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito****Admisión a trámite e publicación****I 64132 (10/PRE-020321)****Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda****Sánchez García, Antón e 4 máis**

Sobre a adopción por parte do Centro de Coordinación Operativa e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dunha serie de medidas para a autorización de accións de caza

[202627](#)**I 64138 (10/PRE-020322)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun protocolo de actuación para a apertura das bibliotecas públicas de forma que se garanta a seguridade dos traballadores e os usuarios

[202630](#)**I 64159 (10/PRE-020323)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a actuación do Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor do Pobo, do 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración asinado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, do 4 de xaneiro de 2019

[202633](#)**I 64161 (10/PRE-020324)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre o cumprimento polo Goberno da Xunta de Galicia do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia [202635](#)

I 64167 (10/PRE-020325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a garantiren a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego da factoría Alu Ibérica [202637](#)

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

I Resolución da Presidencia, do 12 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativa á Proposta de decisión do Consello pola que se modifican as Directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 no que respecta ás datas de transposición e de aplicación debido á crise provocada pola pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)]

-10/UECS-000308 (64208)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de decisión do Consello pola que se modifican as Directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 no que respecta ás datas de transposición e de aplicación debido á crise provocada pola pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)] [202640](#)

I Resolución da Presidencia, do 12 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/352 co fin de permitir que os organismos de xestión ou as autoridades competentes se mostren flexibles na percepción de taxas por infraestruturas portuarias no contexto da pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 177 final] [2020/0067 (COD)]

-10/UECS-000309 (64209)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/352 co fin de permitir que os organismos de xestión ou as autoridades competentes se mostren flexibles na percepción de taxas por infraestruturas portuarias no contexto da pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 177 final] [2020/0067 (COD)] [202650](#)



A Mesa da Deputación Permanente, na súa sesión do día 13 de maio de 2020, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

Preguntas orais ante a Deputación Permanente

Admisión a trámite e publicación

- 64069 – 64170 (10/PODP-007720)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a detección pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia(Amtega) da fenda social no acceso a internet en Galicia

A Mesa acorda a admisión a trámite coa reformulación contida no doc. núm. 64170.

- 64143 (10/PODP-007783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre o motivo polo que o Goberno galego non recolleu nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia

- 64144 (10/PODP-007784)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as medidas que ten pensado adoptar o Goberno galego en relación coa covid-19 tendentes a cumprir cos protocolos relativos aos equipos de protección dos bombeiros forestais

- 64153 (10/PODP-007785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a valoración por parte da Xunta de Galicia das medidas adoptadas en relación coa posta en marcha do teletraballo e a necesidade de ampliar a cota

- 64154 (10/PODP-007786)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a consideración por parte da Xunta de Galicia da necesidade de dispoñer dun corpo de enxeñeiros e enxeñeiras en informática

- 64155 (10/PODP-007787)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis



Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun plan de continxencia ou protocolo xeral de seguridade e saúde para a Administración xeral e institucional da Comunidade Autónoma que prevea a adopción das medidas preventivas para permitir o retorno dos servizos públicos de forma gradual e segura

- 64156 (10/PODP-007788)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que realizou a Xunta de Galicia tendentes a garantiren a salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galicia diante da pandemia da covid-19

- 64157 (10/PODP-007789)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre a necesidade da posta en marcha pola Xunta de Galicia dun plan de mellora da atención primaria con recursos humanos e orzamento

- 64158 (10/PODP-007790)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación do Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor do Pobo, do 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración asinado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, do 4 de xaneiro de 2019

- 64160 (10/PODP-007791)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre o cumprimento polo Goberno da Xunta de Galicia do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

- 64162 (10/PODP-007792)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre a composición do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante o Consello da Xunta do 17 de marzo de 2020

- 64163 (10/PODP-007793)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o resultado da consulta feita polo Goberno galego ás pemes en relación coa súa dispoñibilidade para poderen fabricar material de protección para combater o SARS-CoV-2

- 64164 (10/PODP-007794)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 2 máis

Sobre o regulamento do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario



- 64165 (10/PODP-007795)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as garantías de seguridade no material que se lles subministra aos e ás profesionais sanitarias

- 64166 (10/PODP-007796)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a garantiren a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego da factoría Alu Ibérica

- 64171 (10/PODP-007797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a decisión tomada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda que considera a pesca fluvial como actividade deportiva

- 64172 (10/PODP-007798)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dun plan para o ensino de desconfinamento e de adopción de medidas fronte á covid-19

- 64173 (10/PODP-007799)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a reclamación pola Xunta de Galicia ao Goberno español da posibilidade de acumular as prazas das oposicións docentes de 2020 e 2021 na OPE de Educación do ano 2021

- 64175 (10/PODP-007800)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a distribución e a cantidade de material de protección e loita contra o SARS-CoV-2 que a Xunta de Galicia puxo á disposición das entidades locais (concellos e deputacións)

- 64178 (10/PODP-007801)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre os criterios e indicadores científicos que avalaban a posición do presidente da Xunta de Galicia en contra da prórroga do estado de alarma

- 64181 (10/PODP-007802)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia co fin velar pola seguridade e legalidade laboral nas obras do AVE en Galicia



- 64183 (10/PODP-007803)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que ten pensado levar a cabo o Goberno galego para evitar despedimentos e a precarización das condicións laborais na empresa Noa Madera

- 64185 (10/PODP-007804)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e 4 máis

Sobre a política que ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a situación da atención primaria

- 64186 (10/PODP-007805)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e 4 máis

Sobre a rotulación das máscaras protectoras repartidas pola Xunta de Galicia

- 64191 (10/PODP-007806)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación co Goberno do Estado desde o inicio da declaración do estado de alarma

- 64198 (10/PODP-007807)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para a dotación orzamentaria e a organización dos recursos materiais e humanos no Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais para a prevención fronte á covid-19

- 64199 (10/PODP-007808)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porrirt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre a dotación orzamentaria que ten prevista a Xunta de Galicia para facer fronte á crise provocada pola covid-19

- 64200 (10/PODP-007809)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 3 máis

Sobre as actuacións que está realizando a Xunta de Galicia co fin de resolver o problema de subministración de auga quente sanitaria a diversos servizos do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS)

- 64205 (10/PODP-007810)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre o investimento realizado pola Xunta de Galicia destinado a embalar co logo institucional as máscaras de protección repartidas

- 64214 (10/PODP-007811)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que o Goberno galego non convocou os grupos parlamentarios a participar na mesa de negociación do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia

- 64215 (10/PODP-007812)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que o Goberno galego non facilitou información aos grupos parlamentarios sobre a constitución da mesa de negociación do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia

- 64216 (10/PODP-007813)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Porritt Lueiro, María Teresa e 2 máis

Sobre os motivos polos que a Xunta de Galicia non fixo chegar o borrador do plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia aos grupos parlamentarios

- 64217 (10/PODP-007814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Romero Fernández, Cristina Isabel e 7 máis

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia de apoio ao pequeno comercio debido á nova situación provocada pola covid-19

- 64218 (10/PODP-007815)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a posición e a xestión do Goberno de Galicia en relación coa consecución da flexibilización do regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para integrar posibles axudas a mariscadoras e a transformación dos produtos pesqueiros e da acuicultura

- 64220 (10/PODP-007816)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a actuación da Consellería do Mar en relación coa actividade do marisqueo, coa adopción de medidas de flexibilidade na cuantificación das perdas e a dotación do sector con medios preventivos

- 64221 (10/PODP-007817)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a actuación do Goberno central e, particularmente, do Instituto Social da Mariña (ISM) en relación coa atención á necesidade dun protocolo de actuación fronte a casos de covid-19 a bordo dos buques pesqueiros



- 64222 (10/PODP-007818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Torrado Quintela, Julio

Sobre a distribución de material para facer fronte á crise provocada pola covid-19 por parte das delegadas e delegados territoriais da Xunta de Galicia

- 64228 (10/PODP-007819)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a valoración e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia, cumprindo as condicións de concesión das centrais do Xallas, destinadas a garantir a actividade produtiva de XEAL (antiga Ferroatlántica)

- 64230 (10/PODP-007820)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 3 máis

Sobre a necesidade dun novo modelo de financiamento para Galicia baseado nun concerto económico

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 64132 (10/PRE-020321)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Sánchez García, Antón e 4 máis

Sobre a adopción por parte do Centro de Coordinación Operativa e da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda dunha serie de medidas para a autorización de accións de caza

- 64138 (10/PRE-020322)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a elaboración por parte da Xunta de Galicia dun protocolo de actuación para a apertura das bibliotecas públicas de forma que se garanta a seguridade dos traballadores e os usuarios

- 64159 (10/PRE-020323)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a actuación do Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor do Pobo, do 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración asinado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, do 4 de xaneiro de 2019

- 64161 (10/PRE-020324)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e Álvarez Martínez, Luis Manuel



Sobre o cumprimento polo Goberno da Xunta de Galicia do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia

- 64167 (10/PRE-020325)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Xunta de Galicia destinadas a garantiren a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego da factoría Alu Ibérica

Santiago de Compostela, 13 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 12 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre aplicación do principio de subsidiaridade relativa á Proposta de decisión do Consello pola que se modifican as Directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 no que respecta ás datas de transposición e de aplicación debido á crise provocada pola pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)]

-10/UECS-000308 (64208)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de decisión do Consello pola que se modifican as Directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 no que respecta ás datas de transposición e de aplicación debido á crise provocada pola pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 64208, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de decisión do Consello pola que se modifican as Directivas (UE) 2017/2455 e (UE) 2019/1995 no que respecta ás datas de transposición e de aplicación debido á crise provocada pola pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:

1º. Trasladar o referido escrito aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa da Deputación Permanente, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 12 de maio de 2020, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/352 co fin de permitir que os organismos de xestión ou as autoridades competentes se mostren flexibles na percepción de taxas por infraestruturas portuarias no contexto da pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 177 final] [2020/0067 (COD)]

-10/UECS-000309 (64209)

Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/352 co fin de permitir que os organismos de xestión ou as autoridades competentes se mostren flexibles na percepción de taxas por infraestruturas portuarias no contexto da pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 177 final] [2020/0067 (COD)]

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 64209, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre a aplicación do principio de subsidiariedade relativa á Proposta de Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello polo que se modifica o Regulamento (UE) 2017/352 co fin de permitir que os organismos de xestión ou as autoridades competentes se mostren flexibles na percepción de taxas por infraestruturas portuarias no contexto da pandemia de COVID-19 (Texto pertinente para efectos do EEE) [COM(2020) 177 final] [2020/0067 (COD)].

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (nos BOPG núms. 276, do 16 de xullo de 2010, e 446, do 7 de abril de 2011), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa da Deputación Permanente, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa da Deputación Permanente que teña lugar.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Dende o comezo da crise polo coronavirus temos presente unha tremenda fenda social no acceso a internet (eufemisticamente, fenda dixital). Témolos visto no ámbito educativo (unha porcentaxe importante do alumnado non ten posibilidades de conexión) e onte mesmo o Concello de Ferrol anunciaba a posta en marcha dunha campaña para facilitar a comunicación coas súas familias das persoas maiores, soas e sen recursos mediante vídeo-chamadas. Onde está a Amtega? Onde estivo ata o de agora?

Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten detectado a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) fenda social no acceso a internet en Galicia? En que ámbitos ou áreas? En que territorios?

Pazo do Parlamento, 5 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 05/05/2020 18:54:13





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64069
Data envío: 05/05/2020 18:57:46.589

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/05/2020 18:54:26

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, solicitan a esa Mesa a seguinte corrección de erros no documento con número de rexistro **64069**, Sobre a detección pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da fenda social no acceso á internet en Galicia.

Corrección de erros

Onde di:

“Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten detectado a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) fenda social no acceso a internet en Galicia? En que ámbitos ou áreas? En que territorios?”

Debe dicir:

“Por todo o exposto anteriormente, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten detectado a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) fenda social no acceso a internet en Galicia?”

Pazo do Parlamento, 08 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64170
Data envío: 08/05/2020 14:50:24.676

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2020 14:49:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 14:49:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcl7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento e no acordo sobre o funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Parlamento de Galicia aprobou na súa sesión do 13 de decembro do ano 2017, con motivo da vaga de lumes de outubro do mesmo ano, constituír a Comisión Especial Non Permanente de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, de Prevención de Incendios Forestais e do Plan Forestal de Galicia co obxecto de avaliar a experiencia acumulada desde 2006 e, especialmente, a extraordinaria vaga de lumes que viña de sufrir Galicia en outubro de 2017.

Rematadas as comparencias de técnicos, expertos e representantes de asociacións diversas, na Comisión de Estudo Sobre Política Forestal e Incendios, aprobouse a finais de xullo de 2018 o ditame que recolle as recomendacións suxeridas polos comparecentes, así como tamén establece procedementos para asegurar o seu cumprimento e os prazos, o devandito ditame publicábase o 10 de agosto de 2018 no Boletín oficial do Parlamento de Galicia, número 346).

No seu apartado 4 establecíanse as reformas da política forestal na prevención de incendios e para acadar un monte multifuncional, vivo e dinámico, sustentable e rendible para os propietarios forestais (páxina 112547).

As reformas relacionadas coa política forestal trátanse no subapartado 4.1, e no punto 4.1.1. “A planificación e ordenación forestal. A gobernanza do monte galego” establécense unha serie de recomendacións.

Respecto dos prazos, na recomendación 11 establécese:

“Recoller nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia. Este refundimento deberá facerse antes do 1 de xaneiro de 2019”.(Páxina 112550)

Transcorrido máis dun ano desde o prazo establecido, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Cal é o motivo polo que o Goberno galego non recolleu nun único texto lexislativo toda a normativa existente en materia de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 07/05/2020 11:35:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2020 11:35:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2020 11:35:55



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento e no acordo sobre o funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta de Galiza ten consideración de servizo de emerxencias por dúas vías.

A primeira delas, vén reflectida no Acordo de condicións especiais do Persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios Forestais (SPDCIF) da Xunta de Galiza, incluído no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galiza (vixente a día de hoxe), onde se indica que o SPDCIF terá consideración de servizo preventivo ademais de emerxencias.

A segunda vía, vén derivada pola publicación da nova Lei de protección civil (Lei 17/2015 do 9 de xullo do Sistema Nacional de Protección Civil), que recolle en varios artigos o encadre do SPIF coma servizo de emerxencias:

Artigo 17 "Os servizos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil:

1. Terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil os Servizos Técnicos de Protección Civil e Emerxencias de todas as Administracións Públicas, os Servizos de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento, e de Prevención e Extinción de Incendios Forestais, as Forzas e Corpos de Seguridade, os Servizos de Atención Sanitaria de Emerxencia, as Forzas Armadas e, especificamente, a Unidade e Militar de Emerxencias, os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, os Técnicos Forestais e os Axentes Ambientais, os Servizos de Rescate, os equipos multidisciplinares de identificación de vítimas, as persoas de contacto coas vítimas e os seus familiares, e todos aqueles que dependendo das Administracións Públicas teñan este fin.

2. Os órganos competentes de coordinación de emerxencias das Comunidades Autónomas, ademais da atención de emerxencias que non teñan afectación colectiva pero que requiran a actuación de servizos operativos diversos, poderán actuar nas emerxencias de protección civil como Centro de Coordinación



Operativa, segundo se estableza nos correspondentes plans. 3. Cando sexan requiridas organizacións de voluntarios e entidades colaboradoras, a súa mobilización e actuacións estarán subordinadas ás dos servizos públicos.

4. Na Norma Básica de Protección Civil regularanse as bases para a mellora da coordinación e eficiencia das actuacións dos servizos regulados neste artigo."

Galicia está próxima a entrar na época de máximo perigo de incendios e non conta cun plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) presentado ao Consello Forestal de Galicia, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Administración autonómica feito de participación da sociedade galega co fin de potenciar a xestión sostible e fomentar o desenvolvemento do monte galego. O devandito plan elaboráao a Xunta de Galicia de acordo ao establecido, entre outras, na Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, na Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) e ao Plan Especial de Protección Civil #ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

O ditame da Comisión Especial Non Permanente de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, de Prevención de Incendios Forestais e do Plan Forestal de Galicia co obxecto de avaliar a experiencia acumulada dende 2006 e, especialmente, a extraordinaria vaga de lumes que viña de sufrir Galicia en outubro de 2017, publicado o 10 de agosto do 2018 do Boletín oficial do Parlamento de Galicia, recomendaba a aprobación dun texto único lexislativo.

O Pladiga reflicte a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando, entre outros, os plans de prevención, protección, extinción, investigación e desenvolvemento; así como unha definición clara de obxectivos e metas por conseguir, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro, e os indicadores da súa execución, sendo competencia da Consellería do Medio Rural.

A Lei de prevención de riscos laborais, a Lei 31/1995 do 8 de novembro, actualizada polo RD 5/2000 do 4 de agosto e reformada pola Lei 54/2003 do 12 de decembro, indica no seu artigo 14.2:

"Dereito á protección fronte aos riscos laborais. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos



traballadores ao seu servizo en tódolos aspectos relacionados co traballo. A estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta lei.

O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideron evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo."

Ante a actual situación de pandemia provocada pola crise do Covid 19, o Pladiga 2020 (Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia) debería contar cun procedemento de actuación, así como coa organización dos recursos materiais e humanos en relación á prevención do coronavirus no seu ámbito.

Por todo o exposto anteriormente as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas vai adoptar o Goberno galego en relación ao Covid-19 para cumprir cos protocolos relativos aos equipos de protección dos bombeiros forestais?

Pazo do Parlamento, 6 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 07/05/2020 11:36:31

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/05/2020 11:36:48

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2020 11:37:08



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

A declaración do Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 requiriu a adopción de medidas para facer fronte a esta conxuntura.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do doce de marzo de dous mil vinte, aprobou o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus «COVID-19», RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada o xoves, 12 de marzo de 2020 (DOG Núm. 49-Bis).

Entre as medidas adoptadas no punto 5 atopábase a posibilidade de acollerse á modalidade de prestación de servizos a distancia a través do teletraballo para determinado persoal (o que tivese ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vise afectado polo peche de centros educativos ou de maiores), e no punto 8 recollíase, que se as recomendacións sanitarias así o aconsellaban, a posibilidade de adoptar medidas de posta en marcha do teletraballo.

A evolución da crise levou ao peche dos centros de traballo das distintas administracións, implementándose con carácter xeral o teletraballo desde o luns 16 de marzo.

O teletraballo era, ata que estalou a pandemia do coronavirus, unha modalidade de emprego moi restrinxida na Xunta de Galicia, o ano pasado os permisos concedéronse a 377 funcionarios dos servizos xerais, que supoñen o 2,4 % do total, e as autorizacións non abarcaban a totalidade da xornada, senón unha media de dous días á semana.

Coa crise do COVID 19 o teletraballo ampliouse ao 80 % do persoal e a xornada completa, neste período concedéronse 11.000 permisos de acceso remoto.

O coronavirus cambiou a concepción do traballo, abriu unha posibilidade real e ampliada para teletraballar e na desescalada o teletraballo seguirá sendo unha



das principais ferramentas. Un novo modelo que todo parece indicar que funciona.

A extensión xeneralizada do teletraballo pola actual situación de urxencia sanitaria require un estudo posterior e aproveitar a experiencia adquirida para mellorar a normativa de regulación, recollida na Orde do 20 de decembro de 2013.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

Considera a Xunta de Galicia, á vista dos resultados acadados, que a medida adoptada foi positiva e que é necesario ampliar a cota de teletraballo?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 07/05/2020 13:06:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/05/2020 13:07:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2020 13:07:23



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e do acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

Desde hai varios anos a Administración está inmersa nun proceso de transición dixital, converténdose por lei nunha administración cada vez máis electrónica e dixital.

- A Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e a Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, obrigan a todos os niveis da Administración (estatal, autonómica, local, universitaria) a se converteren en administracións dixitalizadas e electrónicas, e obriga a un conxunto importante dos administrados a relacionarse obrigatoriamente coa Administración de xeito electrónico.

- A Sede electrónica, o Rexistro electrónico, a Notificación electrónica, os sistemas de intermediación de datos entre administracións, etc. quedan consagrados nestas leis como sistemas informáticos obrigatorios para todas as administracións dentro do estado español.

- A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (Ledixga) asígnalle un papel fundamental ás tecnoloxías e sistemas da información dentro do sector público autonómico galego, tal como se indica na súa exposición de motivos:

«A Administración pública debe evolucionar xunto coa sociedade. Debe acadar un desenvolvemento pleno da administración electrónica e aproveitar as innovacións que as tecnoloxías da información e a comunicación, as denominadas tecnoloxías dixitais, na súa constante evolución, poden achegar para construír un novo modelo de administración, máis transparente, sinxelo, eficaz e inclusivo e, por conseguinte, máis acorde coas demandas da cidadanía e das empresas.»

A actual situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo Covid-19 puxo de manifesto a necesidade de contar cunha administración dixital correctamente desenvolvida e implementada.



O peche dos centros de traballo da Xunta de Galicia levou á extensión xeneralizada do teletraballo xa que o 80 % do persoal dos servizos xerais da Xunta está nas súas casas.

Durante os primeiros días produciuse un enorme atasco na concesión de permisos de acceso remoto, faltaban equipos e a conexión caía con frecuencia.

O teletraballo, que ata que estalou a pandemia do coronavirus, era unha modalidade de emprego moi restrinxida na Xunta de Galicia, un premio para o 2 ou 3 % dos empregados públicos que gozaban de autorizacións que non abarcaban a totalidade da xornada, senón unha media de dous días á semana, ampliouse ao 80 % do persoal e a xornada completa.

O coronavirus cambiou a concepción do traballo e parece claro que de fronte ao futuro, a cota de teletraballo debe ampliarse debido a que todo parece indicar que o novo modelo funciona.

Polo tanto, todo parece indicar que a situación actual e futura requirirá da adopción de medidas técnicas que permitan desenvolver e poñer en marcha de maneira efectiva e eficiente o teletraballo para unha porcentaxe significativa dos empregados públicos.

Dispoñer dun corpo informático propio permitiría desenvolver e adaptar os programas ás necesidades cambiantes. A experiencia demostrou que os programas desenvolvidos por persoal propio da administración deron unha resposta máis adecuada ás necesidades expostas.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta

Considera a Xunta de Galicia necesario dispoñer dun corpo de enxeñeiros e enxeñeiras en informática que permita liderar, xestionar e administrar as ferramentas da administración electrónica da Administración galega, así como os proxectos de tecnoloxías da información que se promoven desde ela ofrecendo todas as garantías especialmente no que se refire á protección de datos dos administrados?

Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2020





Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 07/05/2020 13:00:24

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/05/2020 13:00:40

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2020 13:01:04



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Organización Mundial da Saúde elevou o pasado 11 de marzo de 2020 a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID 19 a pandemia internacional.

Iso requiriu a adopción de medidas inmediatas e eficaces para facer fronte a esta conxuntura.

Trala publicación do RDL 7/2020 e o RD 463/2020 xunto coas resolucións e acordos do CECOP na Comunidade Autónoma de Galicia puxéronse en marcha unha serie de medidas que a partir de agora deben ir suspendéndose de maneira graduada e sen precipitación.

No referente á volta ao traballo na Administración autonómica as accións que se apliquen teñen que estar dispostas con anticipación; teñen que recoller toda unha serie de medidas de seguridade que deben estar previamente instauradas: dous metros de distancia, luvas, máscaras, lentes, dispensadores de desinfectante e/ou solucións hidroalcohólicas, etc.

É necesario que haxa un marco común que homoxeneice as medidas de reincorporación en todas as consellarías e demais entidades instrumentais delas dependentes para evitar diferenzas ou discriminacións.

Por iso as deputadas e o deputado que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

Está a Xunta de Galicia a elaborar un plan de continxencia ou protocolo xeral de seguridade e saúde para a Administración Xeral e Institucional da Comunidade que contemple a adopción das medidas preventivas para permitir o retorno dos servizos públicos, gradualmente, e á vez, asegurar a seguridade para as persoas que o prestan e para a cidadanía?





Pazo do Parlamento, 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 07/05/2020 13:19:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/05/2020 13:19:17

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/05/2020 13:19:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ás medidas tomadas pola Xunta de Galiza para preservar os dereitos da xente do mar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estado de alarma decretado o pasado 14 de marzo pola crise do COVID-19 está causando gravísimos problemas ao sector do mar.

Limitouse a liberdade de circulación das persoas e a suspensión de numerosas actividades económicas. No R/Decreto 463/ 2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma pola xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no artigo 10.4 establece que se suspenden as actividades de hostalería e restauración.

O peche dos establecementos de restauración e hostalería reduciu drasticamente as vendas e ao mesmo tempo produciuse o desplome dos prezos.

As actividades extractivas nos bancos marisqueiros, a pé, a flote e a mergullo e as actividades que teñan como destino fundamental do produto o sector da restauración, vense claramente afectadas.

Proba disto é que estanse a encontrar coa falta de demanda nas lonxas, de tal modo que o produto ten que ser devolto ao mar ou, no mellor dos supostos e en casos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

excepcionais, malvendelo por ausencia de compradores ou limitacións da libre competencia.

Nestes momentos non existe unha demanda deste tipo de produtos, por non tratarse dun produto de primeira necesidade; e está a constatarase que os compradores habituais (depuradoras, restauración...) non están acudindo á lonxa, e as máis que escasas vendas teñen un prezo que fai que a actividade non resulte sostible dende un punto de vista socioeconómico.

A maiores están as dificultades que trasladan desde o sector para poder realizar de xeito seguro a actividade extractiva, garantir as condicións de seguridade e saúde, toda vez que se realiza de xeito colectivo a escasa distancia (desprazamentos, puntos de control, clasificación, venda en lonxa...) ao igual que as reducidas dimensións de moitas embarcacións impiden garantir que os tripulantes poidan manter medidas de protección e seguridade. Existe polo tanto grave risco de contaxio entre as profesionais e de transmisión aos seus núcleos familiares.

É unha evidencia que non están tendo ningún papel no mantemento da cadea alimentar, toda vez que non hai demanda do produto.

Estamos falando de miles de persoas, só no marisqueo, tanto a pé como a flote con máis de 6.600 persoas, cunhas rendas baixas, sen remanentes económicos, polo que lles é practicamente imposíbel, sen ingresos, afrontar pagos como as cotas á Seguridade Social e menos atender os gastos das súas necesidades básicas.

A Consellería do Mar segue a manter as competencias para regular o sector, toda vez que no artigo 6 do R/Decreto 463/ 2020, que establece o estado de alarma di que “Cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Lei 11/2008 de Pesca de Galicia, no artigo 7.2 h) di que se pode adoptar a seguinte medida "Establecemento de vedas temporais ou zonais para determinadas especies así como os fondos autorizados".

No Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo, que modifica o anterior, engádese o seguinte: "En calquera caso, suspenderase a actividade de calquera establecemento que, a xuízo da autoridade competente, poida supor un risco de contaxio polas condicións nas que se estea desenvolvendo."

Polo tanto, atender a demanda que está realizando o sector e decretar a suspensión provisional da actividade de marisqueo ocasionada por causa maior, derivada do estado de alarma decretado para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Toda vez que é unha evidencia que non teñen carácter esencial, nin de primeira necesidade.

Até o de agora non nos consta que desde a Xunta de Galiza, e en particular desde a Consellaría do Mar, se teña decretado o peche destes sectores, como ten feito por exemplo o Principado de Asturias, nin realizado ningunha solicitude dirixida ao Goberno español solicitando a paralización en base aos argumentos que detallamos.

Así pois, consideramos preciso que a Consellaría do Mar actúe e se coordine co Goberno español, e declare a paralización temporal de todas aquelas actividades nos bancos marisqueiros, a pé, a flote e a mergullo, e as actividades que teñan como destino fundamental do produto o sector da restauración ou non teñan saída por falta de demanda. Actividades que na actualidade non poden realizar con normalidade polas consecuencias provocadas polas medidas decretadas diante da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Do mesmo xeito que é urxente a adopción das medidas necesarias para que as persoas afectadas poidan percibir axudas que lle permitan sobrevivir e garantir a plena salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galiza, ata que poida normalizarse a situación e se dean as condicións para desenvolver a actividade con normalidade.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Deputación Permanente:

Que actuacións ten realizado a Xunta de Galiza para garantir a plena salvagarda dos dereitos dos profesionais do mar de Galiza diante da pandemia da COVID-19?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2020

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2020 16:41:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2020 16:42:16

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2020 16:43:29

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2020 16:43:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa á necesidade dun Plan de Mellora da Atención Primaria con recursos humanos e orzamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante a primeira fase da pandemia orixinada pola COVID-19, de contención do virus, o elemento sanitario chave foron as Unidades de Coidados Intensivos (UCI) e a atención hospitalaria, porén, durante o proceso de desconfinamento o elemento central debe ser a Atención Primaria.

Tendo isto en conta, é preciso poñer en marcha un Plan para a Atención Primaria que recolla o aprendido nesta crise, mais tamén todas as demandas que existían con anterioridade

A Atención Primaria foi unha das áreas máis prexudicadas pola política de recortes orzamentarios da última década, polo que se o seu reforzo era necesario antes da pandemia, agora resulta imprescindible.

É fundamental dotar a Atención Primaria dos recursos orzamentarios, materiais e humanos suficientes para enfrontar, coa máxima calidade asistencial e garantías, a nova situación. Mais tamén urxe un cambio de modelo, reverter as políticas de recortes e privatizacións e unha actuación urxente de recuperación da Sanidade Pública Galega.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Urxe a preparación da Atención Primaria para a fase de estabilización a través dun Plan dotado no inmediato con 200 millóns de euros; partindo dos traballos realizados polas 16 comisións técnicas do Consello Técnico de Atención Primaria de Galiza para a reforma deste nivel asistencial.

É prioritario establecer un modelo de sanidade pública, universal, de calidade e gratuíta. Unha sanidade financiada a través dun sistema impositivo xusto, en que pague máis quen máis diñeiro tiver e non quen máis sanidade necesitar.

Unha sanidade planificada en función das necesidades da cidadanía e non das empresas contratistas da saúde privada, que conte cun financiamento suficiente, e coa participación tanto da cidadanía coma das e dos profesionais.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Cal é a planificación da Xunta de Galiza para garantir que a Atención Primaria sexa a auténtica porta de entrada ao sistema sanitario?

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 07/05/2020 17:03:51

Xosé Luis Bará Torres na data 07/05/2020 17:04:02

Olalla Rodil Fernández na data 07/05/2020 17:04:10

Ana Pontón Mondelo na data 07/05/2020 17:04:18



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Transparencia para o Goberno galego: ninguén puido obter información sobre o convenio de colaboración firmado entre o Instituto de Estudos do Territorio (IET) -dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda- e o Concello de Cerdedo-Cotobade, de 4 de xaneiro de 2019. De feito, o dito convenio non figurou no rexistro de convenios máis dun ano despois da súa firma, polo que a Administración autonómica incumpriu a súa propia lei 1/2016, sobre transparencia na CA de Galicia.

Revisado o convenio (ao que accedemos a través da páxina de transparencia da Intervención Xeral da Administración do Estado, no Ministerio de Facenda), ata podería parecer normal que se ocultase: encadra o asunto na obrigatoria protección da paisaxe (Lei 7/2008, do 7 de xullo); di que o concello “expón” a necesidade de afrontar obras para a protección, xestión e ordenación dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando a través dun protocolo pola paisaxe; non menciona nin unha soa liña relativa á convocatoria pública de axudas a tales fins, mais especifica o desenvolvemento dun “proxecto piloto” de pacto pola paisaxe no ano 2019, que poda servir de modelo para outros entes locais; exclúe expresamente os principios de publicidade e concorrencia pública, “xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas do Concello de Cerdedo-Cotobade, único concello que ten solicitado perante esta administración a celebración dun pacto pola paisaxe” e así xustifica o procedemento de concesión directa de case 685.000 euros, sendo esa contía unha porcentaxe moi significativa do orzamento do IET en inversións e transferencias de capital (909.000 euros).

Como consecuencia, o 15 de abril deste ano, o Defensor del Pueblo emitiu unha resolución:

1. Afirmando que o convenio subscrito para outorgar directamente unha subvención ao concello de Cerdedo-Cotobade é nulo, por terse prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e obtido a axuda mediante concesión directa sen reunir os requisitos esenciais do procedemento administrativo.



2. Suxerindo que se revise de oficio o dito convenio, declarar a súa nulidade e esixir o reintegro da cantidade.
3. Finalmente, recomendando aprobar as bases reguladoras das axudas destinadas a entidades locais para a protección e fomento da paisaxe e outorgar as subvencións a través dun procedemento de concorrencia competitiva de acordo cos principios establecidos na Lei de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que vai facer o Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor del Pueblo, de 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración firmado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, de 4 de xaneiro de 2019?

Pazo do Parlamento, 07 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2020 09:34:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 09:34:52



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Segundo soubemos por novas de prensa, o Goberno da Xunta de Galicia quere prolongar a tempada alta nas illas Cíes ata o 15 de outubro e pedirá ao Goberno español mudar o período de visitas para compensar as perdas das navieiras e o sector por culpa da pandemia.

Case 20 anos agardando polo Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aprobado polo Decreto 177/2018, do 27 de decembro, e agora resulta que o que di o plan non está ben (tempada alta é o período transcorrido dende o 15 de maio ata o 15 de setembro, de acordo co estudo de capacidade de carga para non provocar un desequilibrio ecolóxico nin unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade).

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para contentar ás empresas navieiras?

Pazo do Parlamento, 07 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2020 09:39:05
Nº Rexistro: 64160
Data envío: 08/05/2020 09:39:05.422

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2020 09:35:50

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 09:36:09

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcl7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Deputación Permanente

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento e o acordo sobre o funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

No Diario Oficial de Galicia do 15 de abril o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) publicou a Resolución do 13 de abril de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de reorganización produtiva das empresas galegas para a fabricación de equipamento sanitario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

As ditas axudas, cun crédito dispoñible de 2,5 millóns de euros, van destinadas ás pequenas e medianas empresas, entre as que se inclúen as persoas autónomas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, galegas ou cun centro de traballo en Galicia, que desenvolvan nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia un proxecto de fabricación de equipamento sanitario nos termos establecidos nas bases, co obxecto de subvencionar proxectos que permitan a súa reorganización produtiva para abordar a fabricación de calquera equipamento de utilidade na loita fronte ao COVID-19, nalgún dos seguintes ámbitos: téxtiles sanitarios, equipamentos de protección individual (máscaras, cortinas, traxes, gorros, luvas...), kits e consumibles de diagnose, alcois e desinfectantes sanitarios, dispositivos de intervención ou tratamento, ventiladores ou os seus compoñentes, elementos para a desinfección, fabricación de maquinaria para a produción destes bens ou outros equipamentos necesarios para a prevención e loita contra o COVID-19 ou o tratamento da enfermidade.

A Resolución tamén establece que para optar á subvención, despois da valoración do cumprimento de requisitos da solicitante e da proposta por parte da Área de Competitividade do Igape, os proxectos deberán ser obxecto de validación por parte do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante Consello da Xunta do 17 de marzo de 2020.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:



Que persoas forman parte do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante o Consello da Xunta?

Pazo de Parlamento, 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2020 10:26:59

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2020 10:27:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 10:28:05



Á Mesa da Deputación Permanente

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento e no acordo sobre o funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

No Diario Oficial de Galicia do 15 de abril o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) publicou a Resolución do 13 de abril de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de reorganización produtiva das empresas galegas para a fabricación de equipamento sanitario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

As ditas axudas, cun crédito dispoñible de 2,5 millóns de euros, van destinadas ás pequenas e medianas empresas, entre as que se inclúen as persoas autónomas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, galegas ou cun centro de traballo en Galicia, que desenvolvan nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia un proxecto de fabricación de equipamento sanitario nos termos establecidos nas bases, co obxecto de subvencionar proxectos que permitan a súa reorganización produtiva para abordar a fabricación de calquera equipamento de utilidade na loita fronte ao COVID-19, nalgún dos seguintes ámbitos: téxtiles sanitarios, equipamentos de protección individual (máscaras, cortinas, traxes, gorros, luvas...), kits e consumibles de diagnose, alcois e desinfectantes sanitarios, dispositivos de intervención ou tratamento, ventiladores ou os seus compoñentes, elementos para a desinfección, fabricación de maquinaria para a produción destes bens ou outros equipamentos necesarios para a prevención e loita contra o COVID-19 ou o tratamento da enfermidade.

A Resolución tamén establece que para optar á subvención, despois da valoración do cumprimento de requisitos da solicitante e da proposta por parte da Área de Competitividade do Igape, os proxectos deberán ser obxecto de validación por parte do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante Consello da Xunta do 17 de marzo de 2020.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:



Cal foi o resultado da consulta feita polo Goberno galego ás Pemes sobre a súa dispoñibilidade para poder fabricar material de protección para combater o coronavirus?

Pazo de Parlamento, 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2020 10:32:04

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2020 10:32:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 10:32:47



Á Mesa da Deputación Permanente

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento do Parlamento e no acordo sobre o funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

No Diario Oficial de Galicia do 15 de abril o Instituto Galego de Promoción Económica (Igabe) publicou a Resolución do 13 de abril de 2020 pola que se dá publicidade do Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de reorganización produtiva das empresas galegas para a fabricación de equipamento sanitario, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva.

As ditas axudas, cun crédito dispoñible de 2,5 millóns de euros, van destinadas ás pequenas e medianas empresas, entre as que se inclúen as persoas autónomas, segundo a definición establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, galegas ou cun centro de traballo en Galicia, que desenvolvan nun centro de traballo localizado na Comunidade Autónoma de Galicia un proxecto de fabricación de equipamento sanitario nos termos establecidos nas bases, co obxecto de subvencionar proxectos que permitan a súa reorganización produtiva para abordar a fabricación de calquera equipamento de utilidade na loita fronte ao COVID-19, nalgún dos seguintes ámbitos: téxtiles sanitarios, equipamentos de protección individual (máscaras, cortinas, traxes, gorros, luvas...), kits e consumibles de diagnose, alcois e desinfectantes sanitarios, dispositivos de intervención ou tratamento, ventiladores ou os seus compoñentes, elementos para a desinfección, fabricación de maquinaria para a produción destes bens ou outros equipamentos necesarios para a prevención e loita contra o COVID-19 ou o tratamento da enfermidade.

A Resolución tamén establece que para optar á subvención, despois da valoración do cumprimento de requisitos da solicitante e da proposta por parte da Área de Competitividade do Igabe, os proxectos deberán ser obxecto de validación por parte do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario, aprobado mediante Consello da Xunta do 17 de marzo de 2020.

Por iso a deputada e os deputados que asinan preguntan:



Cal é o regulamento do Comité de Fabricación de Equipamento Sanitario?

Pazo de Parlamento, 7 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/05/2020 10:33:43

Julio Torrado Quintela na data 08/05/2020 10:34:05

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 10:34:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ao material defectuoso que se lle subministra aos e ás profesionais sanitarias.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A pandemia ocasionada polo COVID-19 puxo ao límite o noso sistema sanitario. Puxo en evidencia o preciso que é investir en saúde e as repercusión que ten someter ao sistema sanitario a uns tremendos recortes tanto en termos de recursos económicos como humanos. Que non pode volver repetirse.

A primeira lección que nos deixa esta crise é a constatación de que o máis valioso que ten a sanidade pública é o seu persoal, as e os magníficos profesionais, que máis unha vez deron o mellor de si, arriscaron a súa saúde para garantir a saúde da poboación.

Case dous meses despois de terse decretado a emerxencia sanitaria e o estado de alarma seguen sendo moitas as deficiencias existentes, co que se aumenta o risco de contaxio e inseguridade.

Sigue sendo motivo de preocupación e de denuncia que a día de hoxe o persoal continúe sen o material de protección suficiente e axeitado contra o risco de contaxio por Covid-19, sen realizar os test a todo o persoal.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Están a ser demasiado habituais as alertas sanitarias por materiais que non cumpren co nivel de protección especificado, especialmente as máscaras.

Tras a situación que se viviu no CHUO, ou nas ambulancias encontrámonos con novas alertas, a última a referida ás máscaras Presurgy KN95 / FFP2 SHUYIAN que foron identificadas como defectuosas e das que foran subministradas 1640 entre os tres hospitais da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés, Montecelo, Provincial e Salnés. Desa cantidade immobilizouse tras a alerta sanitaria 1.065 mentres que 575 foron utilizadas tanto en salas COVID como en salas non COVID. E o grave é que estamos diante da terceira vez que isto acontece.

Insistimos en que o mellor aplauso e recoñecemento ás persoas traballadoras da Sanidade pública, é garantir que poidan realizar o seu traballo con seguridade, con materiais que garantan a súa protección e a día de hoxe isto non está acontecendo.

É preciso que de inmediato tomen medidas para garantir a protección das profesionais e minimizar os contaxios, coa dotación do material preciso, tanto en calidade como cantidade.

Que non se distribúa ningún material sen antes verificar a súa idoneidade.

Que se poñan en marcha de protocolos en cada unidade e servizo, baseados na evidencia científica, no risco de contaxio, e non en base á disposición de material.

Que dunha vez por todas se lle realicen test a todo o persoal.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preguntámonos até cando vai seguir a Xunta de Galiza poñendo en risco a saúde e a vida dos e das profesionais sanitarias?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 11:00:35

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 11:00:43

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 11:00:50

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 11:00:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Só oito meses despois de que se formalizase a venda das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital, o pasado 15 de abril fíxose público que o devandito fondo suízo vendeu unha participación do 75% ao Grupo Industrial Riesgo. Deste xeito, o Grupo Riesgo, a través do seu vehículo de investimento System Capital Management SL (SCM), farase co control da actual Alu Ibérica.

Segundo a representación do cadro de persoal da factoría coruñesa, en ningún momento o Comité de Empresa foi informado nin se lle proporcionou documentación algunha da venda de Parter Capital ao Grupo Riesgo.

Cómpre lembrar que a venda das factoría de Alcoa a Parter Capital foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria quen, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría “co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para atopar unha solución integral e viábel aos case 700 postos de traballo que estaban en risco”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ás dúbidas sobre a solvencia e a praxe empresarial dos novos compradores súmase que Alcoa considera que esta operación é unha ruptura do acordo de xullo de 2019 e pode afectar ao cumprimento dos compromisos adquiridos pola multinacional norteamericana. Ademais, que se produza esta revenda tan só 8 meses despois da adquisición por Parter Capital evidencia a falta de compromiso real do fondo suízo para levar a cabo o plan industrial comprometido (máxime cando ven de admitir que as negociacións co Grupo Riesgo se iniciaron en setembro de 2019) e pon en cuestión o papel desenvolvido tanto polo Ministerio de Industria como pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza para procurar unha solución que garanta a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

Esta situación, unida á falta dunha solución definitiva que garanta a viabilidade das industrias electrointensivas, xera novas incertezas sobre o futuro dunha factoría da que dependen preto de 400 empregos directos.

Polas razóns expostas fórmase a seguinte pregunta para resposta oral:

Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir que a operación de venda de Alu Ibérica non supón ningunha operación que non asegure a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 11:06:04

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 11:06:12

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 11:06:19

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 11:06:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Coordinación Operativa (CECOP) acordou na reunión do 5 de maio de 2020 o restablecemento da pesca fluvial, decisión que entrou en vigor o mércores 6 de maio coa publicación da correspondente Resolución no DOG.

Antes desta data, a Xunta de Galiza emitiu unha “Nota Interpretativa acerca da aplicación de medidas extraordinarias en materia de pesca fluvial en Galicia, con motivo da COVID 19”. Ao abeiro dunha interpretación torticeira da Orde SND/380/2020 de 30 de abril (BOE do 1 de maio) que regula a actividade física non profesional ao aire libre, a Xunta estableceu unha equiparación entre estas actividades e a pesca fluvial. O que deu pé a que, mesmo antes da aprobación do acordo e a súa publicación no DOG, comezase a actividade da pesca nos ríos galegos como se pode comprobar na prensa deses días con fotos de pescadores que, ademais, non respectan as normas relativas ao estado de alarma e as que regulan a actividade físico-deportiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais esta interpretación *sui generis* contravén o disposto no acordo do Consello de Ministros do pasado 28 de abril, que prevé a autorización da pesca fluvial na fase II de desconfinamento (o 25 de maio no caso de aprobarse esta fase en Galiza), a diferenza doutras actividades deportivas.

Esta actuación da Xunta da Galiza parte dun enfoque absolutamente aberrante, que avalía a pesca única ou prioritariamente como actividade deportiva e esquece outros factores que deberían ser determinantes na adopción desta medida. É dicir, a consellaría de medio ambiente, que ten competencias na materia, actúa como se fose a Secretaría Xeral para o Deporte e non como o departamento que debe velar pola conservación dos recursos naturais e a biodiversidade.

E no caso da pesca, por moito que se trate dunha actividade federada e teña unha dimensión físico-deportiva, está sometida -igual que acontece coa caza-, a un réxime especial de xestión e ao cumprimento de disposicións relativas á conservación e ao aproveitamento dos recursos naturais. Trátase pois de actividades sensíbeis e singulares por canto afectan á biodiversidade, ao uso do dominio público hidráulico e ao aproveitamento dos recursos naturais.

A maiores débese ter en conta á hora de regular a actividade nestas circunstancias extraordinarias o valor social e ambiental dos ríos e a forte presión a que están sometidos debido á actividade humana, o que fai aconsellábel primar os aspectos ambientais sobre os meramente deportivos.

A maiores destas consideracións, para o BNG é imprescindible que desde o Goberno galego se lle de prioridade á restauración dos ecosistemas fluviais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incluíndo neles a xestión da vexetación nas concas e zonas de protección, así como á recuperación das poboacións de especies como o salmón, a troita, a anguía ou a lamprea a partir de criterios científicos e de respecto ao ciclo biolóxico.

Polo anteriormente exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Por que razón a Consellaría de medio ambiente prioriza a consideración da pesca fluvial como actividade deportiva fronte a outras circunstancias relativas á xestión e aproveitamento dos recursos naturais, vulnerando o establecido no plan de desconfinamento aprobado polo goberno central?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 15:54:12

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 15:54:21

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 15:54:30

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 15:54:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, sobre a volta ás aulas en Galiza e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza fronte á COVID-19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza acordou que a partir do 11 de maio o persoal administrativo volva aos centros de ensino para iniciar o proceso de admisión de alumnado de cara ao curso 2020/2021. Da mesma maneira, o Goberno español prevé que o estudiantado de Infantil, 4º da ESO e de Educación especial volva ás aulas a partir do 25 de maio.

No Bloque Nacionalista Galego preocupámanos enormemente que non se garantan as condicións de seguridade (tanto hixiénico-sanitarias como de distanciamento social) nunha “volta ao cole” antes de rematar o presente curso.

Que medidas deben implantar os centros? Como será a xornada lectiva? Canto alumnado poderá haber en cada aula? Como se garantirá o distanciamento social? Que medidas se prevén adoptar no transporte escolar para o alumnado usuario deste servizo?

Esta situación está xerando preocupación e incerteza entre o profesorado, o alumnado e as familias.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Ten a Xunta de Galiza deseñado un plan de desconfinamento para o ensino?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 17:32:56

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 17:33:05

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 17:33:14

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 17:33:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, sobre o adiamento da OPE de Educación para 2021.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza decidiu aprazar as oposicións no ensino previstas para este ano ao 2021. A Consellaría de Educación adoptou a decisión despois da presión exercida polas persoas opositoras –a través de diversas plataformas, das organizacións sindicais e mesmo de forzas políticas como o BNG.

Agora, a dúbida é como serán as oposicións do próximo ano, e se a oferta incluírá non só as prazas ofertadas para 2020, senón tamén as que corresponderían para 2021.

Ben é certo que lle corresponde ao Goberno español, a través do Ministerio de Educación, crear o marco xurídico que permita convocar as prazas correspondentes aos dous anos, porén, a Xunta de Galiza ten capacidade para reclamar e facer fronte común con opositoras/es, organizacións sindicais e forzas políticas con representación no Congreso, para que ese marco normativo sexa aprobado.

Polas razóns expostas fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai reclamar a Xunta de Galiza ao Goberno español que se poidan acumular as prazas das oposicións docentes de 2020 e 2021?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 17:37:07

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 17:37:16

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 17:37:22

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 17:37:30



Á Mesa da Deputación Permanente

Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

O material de protección e loita contra o coronavirus dende o inicio da pandemia ten sido obxecto de debate dende numerosas perspectivas. A información ofrecida polo Goberno autonómico ten sido confusa, ofrecendo diversos métodos de contabilización do propio material, con anuncios repetidos e de material non adquirido pola Xunta de Galicia, que é a Administración competente en materia de sanidade.

Para clarificar a información, sería importante ter definido o volume exacto de materiais de protección e loita contra o virus adquirido pola Xunta de Galicia, así como a documentación que o acredite e a toda a información necesaria sobre elo.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que cantidade de material e distribución ten sido posto a disposición ás entidades locais (concellos e deputacións) por parte da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 08 de maio de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2020 08:58:44

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 08:58:57



Á Mesa da Deputación Permanente

Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

O pasado domingo 3 de maio, o presidente da Xunta de Galicia en rolda de prensa manifestaba o seu rexeitamento á prórroga do Estado de Alarma que o Goberno do Estado sometería a votación días despois no Congreso dos Deputados. A posición do Partido Popular en toda España foi contundente nesta idea, e Núñez Feijoo actuou como representante do seu partido dende a Presidencia da Xunta de Galicia.

A pesares das alertas profesionais sobre a necesidade de manter prudencia nas medidas de desescalada, e advertir sobre problemas de aumento de contaxios e circulación do virus se se relaxaban excesivamente as medidas de control (e por suposto se se eliminaban por completo coa supresión do Estado de Alarma que Núñez Feijoo defendeu), foi nítida a posición de rexeitamento sobre a prórroga que defendeu o Goberno da Xunta de Galicia. A pesares da gravidade do proposto, non se ofreceron datos estatísticos, serolóxicos, epidemiolóxicos ou de calquera perspectiva científica implicada na loita contra o COVID19 que permitise, cun aceptable grao de seguridade para a poboación, defender a eliminación do Estado de Alarma.

Unha situación de inseguridade xurídica, coa perda das axudas públicas a distintos sectores do tecido económico, e a absoluta liberdade de movementos e circulación que se implantaría evitando a posibilidade de controlar ao virus, situaría ao noso territorio nun perigoso novo escenario.

O Estado de Alarma, non en tanto, foi tomado polo PP en toda España como un obxecto de ataque contra o Goberno de España, e a súa derogación suporía unha porta aberta á convocatoria de eleccións en Galicia despois de que estas foran suspendidas.



Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que criterios e indicadores científicos que non foron expostos avalaban a posición que Núñez Feijoo defendeu en contra da prórroga do Estado de Alarma?

Pazo do Parlamento, 08 de maio de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2020 10:29:52

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 10:30:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa a vulneración dos dereitos laborais dos traballadores e traballadoras das obras do AVE e a valoración da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 8 de maio coñeceu a través dunha denuncia da CIG ante a inspección laboral unha serie de vulneración de dereitos laborais dos e das traballadoras das obras do AVE, e de forma particular vulneracións acontecidas durante a crise da covid-19.

Conforme se puido coñecer, concesionarias que traballaban nas obras públicas do AVE polas que transcorre a vía nos tramos ourensáns denominados “Campobeceros – Taboadela” e o tramo da Gudiña obrigan os seus traballadores e traballadoras á realización dunha serie de horas extraordinarias que non son remuneradas e que alongan a xornada laboral, sen respectar os períodos mínimos de descanso. Desta forma, están a vulnerar os mínimos dereitos laborais, pondo en risco a saúde e a seguranza do persoal e, ademais, estase a defraudar a Seguridade Social, pois esas horas non aparecen reflectidas nas nóminas e non son cotizadas. Desde o sindicato nacionalista sinálase que “un total de 68.303 horas extraordinarias ilegais; é evidente que esta situación só pode estar consentida e fomentada por toda a cadea xerárquica presente nas obras, pois non falamos dun desaxuste menor senón dun fraude masivo, enormemente grave tratándose





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Obra Pública: coas horas resultantes dese exceso, poderíanse incorporar 40 traballadores máis durante un ano.”

Os feitos denunciados son de extrema gravidade, máis aínda se temos en conta como agravan a sinistralidade e o risco laboral nunhas obras que xa teñen custado a vida dunha ducia de obreiros. Non é admisíbel que na execución dunha obra pública os traballadores e traballadoras sexan explotados e non é a primeira vez que estas obras reciben denuncias desde o ámbito social e sindical polos seus abusos, situación que xa ten chegado anteriormente ao Parlamento Galego e diante da que a Xunta de Galiza, polas súas responsabilidades compartidas no eido laboral e por tratarse dunha obra de grande relevancia, debera actuar de forma proactiva e vixiante.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Que actuacións levou ou vai levar a cabo a Xunta de Galiza para velar pola seguridade e legalidade laboral nas obras do AVE en Galiza?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2020 11:51:34

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2020 11:51:41

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2020 11:51:55

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2020 11:52:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa á situación da empresa industrial Noa Madera e ao intento de aproveitamento da crise da Covid-19 por parte do grupo Malasa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo coñecemento da situación delicada que atravesará a empresa Noa Madera e das protestas que está a levar a cabo os seus traballadores e traballadoras. Unha situación diante da que o Goberno galego debe implicarse. Máis aínda cando, sorprendentemente, o pasado 7 de maio o Presidente da Xunta de Galiza puxo como exemplo, en sede parlamentaria, a Malasa.

Cómpre recordar que xa no ano 2018, diante dun anuncio de ERE por parte dos anteriores propietarios de Noa Madera Creativa, o Bloque Nacionalista Galego mantivo reunións e contactos co Comité de Empresa e rexistrou iniciativas ao respecto. Porén, nese momento a situación foi reconducida grazas ao tesón dos traballadores e traballadoras. Porén, posteriormente, xa baixo o mando de Malasa, esta empresa situada en Fene, no polígono de Vilar do Colo, e que até hai pouco daba traballo a arredor de 250 persoas de forma directa, unha cifra meirande se temos en conta as tarefas derivadas e complementarias, atopábase antes da crise da Covid inmersa nun claro proceso de deslocalización progresiva e de baleirado do seu cadro de persoal. Por estes motivos, o pasado 19 de decembro o 100% do persoal de Noa secundaba a folga en





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defensa dos empregos e das condicións laborais con concentracións nas oficinas de Malasa en Cerceda e na sede de Inditex en Arteixo, xa que este é un dos principais clientes.

Nas últimas semanas, as e os traballadores denuncian que Malasa está tentando aproveitar esta crise do coronavirus para continuar no adelgazamento da súa estrutura. O comité denunciaba a finais de abril que o Grupo Malasa vén de presentar un expediente de regulación extintivo para a metade do persoal (unhas 90 persoas) e un expediente de regulación temporal de 15 meses de duración que afectaría a outra metade dos traballadores e das traballadoras. Esta medida, implica un cambio substancial na política de desmantelamento da empresa iniciado por Malasa xa que, na práctica, supón o peche das instalacións de Vilar do Colo (Fene), nas que traballan arredor de 180 persoas.

A representación social sinala que ningunha destas medidas postas a disposición das empresas para minimizar o impacto desta pandemia foron tomadas en consideración por parte de Malasa e que aproveitan esta situación para aforrar cartos, despedir impunemente e desfacerse dun cadro de persoal que ten uns dereitos e unha antigüidade que non queren respectar.

Estamos a falar dunha empresa que, ademais, conta cun cadro de persoal cunha media de idade moi nova do entorno do conxunto da comarca; sendo da maioría dos casos persoas que accederon aquí ao seu primeiro posto de traballo, polo que o impacto na xa deteriorada economía comarcal sería considerábel -dado que non falamos só dos postos directos da empresa, senón dos que derivan da actividade que desenvolve- ademais de deixar desprotexidas a centos de familias.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, á vista desta situación, expresa a súa rotunda oposición a que se perda calquera posto de traballo ou se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

precaricen as condicións laborais do cadro de persoal. Máis aínda, tendo en conta que traballan para xigantes da industria téxtil, cómpre desenvolver unha activa política de negociación con estas empresas.

Polo exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:

Que actuacións vai levar o Goberno galego para evitar despedimentos e precarización na empresa Noa Madera?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2020 12:02:55

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2020 12:03:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2020 12:03:14

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2020 12:03:23



Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez e Marcos Cal Ogando, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Deputación Permanente, relativa á situación da atención primaria.**

Nos últimos anos a atención primaria ten sido afectada de xeito importante polos recortes orzamentarios e a amortización de prazas públicas. O peso do investimento en atención primaria pasou de representar no ano 2009 2,53% do PIB a ser en 2020 a penas o 1,91% do PIB.

O Consello de Contas ten advertido tamén da existencia dunha temporalidade do 28,1%, cun incremento interanual de máis dun 2%. Unha consecuencia da eliminación de prazas estables. Consecuencia que tamén ten o seu reflexo na perda de efectivos e na falla de substitucións que obrigan en moitas ocasións a asumir por parte de profesionais o cupo das compañeiras e compañeiros cando estes se atopan de baixa ou de vacacións. Elemento que ten orixinado listas de agarda de máis dunha semana nalgúns centros de saúde.

Todas estas cuestións e moitas outras motivaron a folga que o pasado ano se viviu na atención primaria do servizo galego de saúde. Folga que se sumaba tamén á previamente convocada polo persoal dos puntos de atención continuada contra as súas precarias condicións de traballo.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Sen embargo, pese aos acordos polos que se levantou esa folga e ao suposto compromiso da Xunta de Galicia de mellorar as condicións da atención primaria, case ningunha das conclusións do “grupo de expertos” nin do “consello técnico da atención primaria” se teñen posto en marcha para mudar a situación de deterioro progresivo.

A crise do coronavirus ten posto a proba o sistema sanitario e as e os profesionais se teñen enfrontado á atención en malas condicións, non só polo anteriormente descrito, se non tamén pola falla de EPIs.

Nos meses que seguen, a atención primaria será imprescindible para o control comunitario da infección, así como para a súa prevención e control epidemiolóxico. Algo que teñen recoñecido as diferentes administracións.

Non parece razoable, nin responsable, con esta carencia de medios humanos e materiais afrontar non só o traballo ordinario, se non todo o incremento de carga de traballo derivado do coronavirus e dos traballos de investigación epidemiolóxica.

Este é, por tanto, o momento de retomar as necesidades do sistema, mellorando as ratios do persoal, a capacidade resolutiva na atención primaria e os seus recursos.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- **Pensa Xunta de Galicia aumentar o persoal na atención primaria, dotala de medios e devolverlle a capacidade de xestión propia para poder afrontar o**



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2020 12:50:53
Nº Rexistro: 64185
Data envío: 11/05/2020 12:50:53.343

incremento da carga de traballo ?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda

Carmen Santos Queiruga

Luca Chao Pérez

Marcos Cal Ogando

Deputados e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/05/2020 12:46:32

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/05/2020 12:46:58

Carmen Santos Queiruga na data 11/05/2020 12:47:19

Luca Chao Pérez na data 11/05/2020 12:47:39

Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/05/2020 12:50:53
Nº Rexistro: 64185
Data envío: 11/05/2020 12:50:53.343

Marcos Cal Ogando na data 11/05/2020 12:48:05



Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez e Marcos Cal Ogando, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 152 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Deputación Permanente, relativa á rotulación das mascarillas repartidas pola Xunta de Galicia.**

O pasado 24 de abril o Consello da Xunta anunciou o reparto de máscaras protectoras nas farmacias a pensionistas con rendas inferiores a 18.000 euros, persoas en situación de risco de exclusión e persoas sen emprego.

A decisión de facilitar este medio para evitar a transmisión do coronavirus é unha decisión positiva, sen embargo, o reparto deste material a estes colectivos faise logo dun envasado nun plástico cun logotipo da Xunta de Galicia ben visible.

A necesidade desa propaganda institucional é obviamente cuestionable, así como o é facer un gasto público na rótulo da mesma. Pero ademais, esta publicidade da Administración autonómica, gobernada polo Partido Popular, faise nunha posible precampaña electoral.

Hai que lembrar que só dous meses atrás, antes de que fosen suspendidas as eleccións autonómicas, a Xunta Electoral xa reprende á Xunta de Galicia por unha campaña publicitaria na que o lema era idéntico ao lema electoral de Alberto Núñez Feijóo, candidato á Presidencia da Xunta de Galicia polo Partido Popular. Nese caso a Xunta Electoral obrigou a retirar a campaña da Consellería de Medio Rural.

Non se trata pois da primeira vez que cun proceso electoral próximo se realiza un uso cuestionable da propaganda institucional, neste caso ademais cun elemento



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

sensible como o é os medios contra o coronavirus e, ademais, dirixidos a colectivos vulnerables.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- **Como xustifica a Xunta de Galicia esta propaganda institucional?**

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García

Ánxeles Cuña Bóveda

Carmen Santos Queiruga

Luca Chao Pérez

Marcos Cal Ogando

Deputados e deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 11/05/2020 12:57:47

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 11/05/2020 12:58:05



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Carmen Santos Queiruga na data 11/05/2020 12:58:27

Luca Chao Pérez na data 11/05/2020 12:58:56

Marcos Cal Ogando na data 11/05/2020 12:59:24



À Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

A actuación da Xunta de Galicia e do seu presidente desde o inicio da situación derivada da declaración do estado de alarma tivo, con respecto ao Goberno do Estado unha liña case única: a confrontación.

Máis alá de permanentes mensaxes de lealdade, o cuestionamento por parte do Sr. Núñez Feijóo das actuacións e decisións do Goberno do Estado foi constante. Resultou indiferente que se tratase da distribución de material sanitario de distinto tipo, material de protección, decisións con respecto á chamada desescalada; todo foi obxecto de crítica e cuestionamento, nunha estratexia claramente máis orientada a potenciar o perfil político do candidato do Partido Popular á Xunta de Galicia que a contribuír de xeito leal e eficiente a resolver as gravísimas situacións sanitarias e sociais xa existentes, e económica xa inminente e analizada por múltiples organismos públicos e asociacións de expertos económicos. E todo isto baseado nun suposto agravio a Galicia que necesita do *desfacedor de entuertos* o Sr. Núñez Feijóo para restituír a dignidade dun pobo maltratado.

Simultaneamente, a Xunta de Galicia si está a dispensar ese trato do que acusa ao Goberno do Estado cos concellos aos que lles debe prestar asistencia e, por suposto, ás deputacións provinciais. Son moi numerosas as queixas existentes con respecto ás decisións que se toman no Centro de Coordinación Operativa (CECOP), nas que parece que se dan as decisións feitas sen participación das administracións locais e provincias, nunha sorte de burla a esa cogobernanza que tanto demanda o presidente da Xunta de Galicia ao presidente do Goberno do Estado, pero que non practica no ámbito das súas competencias.

O último exemplo desta realidade produciuse cando solicitou á Federación Galega de Municipios e Provincias maior concreción sobre o anuncio do levantamento das restricións horarias por franxas de idade para as saídas en núcleos de poboación separados de menos de 5.000 habitantes, o venres 8 de maio, ao verse obrigados os concellos a demandar da Xunta de Galicia indicacións precisas sobre os requisitos e características que debían cumprir.

Dentro da mesma demanda, os concellos solicitaron tamén maior antelación, coordinación e precisión na comunicación das medidas co fin de poder facer os preparativos e difusión oportunas á cidadanía.

Ante este comportamento da Xunta de Galicia de demandar á Administración do Estado o que ela non fai cos concellos e as deputacións e cuestionar e confrontar todas as decisións, cabe supoñer que a nosa Comunidade Autónoma obtería algún beneficio, porque do contrario, quedaría en evidencia que a única finalidade desa estratexia é o desgaste político do executivo central e o reforzamento ante a opinión pública do autonómico, motivo polo que se formula a seguinte pregunta:





Que beneficios obtivo a Comunidade Autónoma de Galicia da estratexia de confrontación da Xunta de Galicia co Goberno do Estado?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 16:26:08

Julio Torrado Quintela na data 11/05/2020 16:26:30



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e do acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais da Xunta de Galiza ten consideración de servizo de emerxencias, e correspóndenlle competencias relacionadas coa seguridade da cidadanía, así como dos seus bens.

Galicia está próxima a entrar na época de máximo perigo de incendios e conta cun plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) presentado ao Consello Forestal de Galicia, órgano de carácter consultivo e de asesoramento da Administración autonómica feito de participación da sociedade galega co fin de potenciar a xestión sostible e fomentar o desenvolvemento do monte galego. O devandito plan elaboráao a Xunta de Galicia de acordo co establecido, entre outras, pola Lei 3/2007, do 9 de abril de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, ao Plan Territorial de Emerxencias de Galicia (Platerga) e ao Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga).

O ditame da Comisión Especial Non Permanente de Estudo e Análise das Reformas da Política Forestal, de Prevención de Incendios Forestais e do Plan Forestal de Galicia co obxecto de avaliar a experiencia acumulada desde 2006 e, especialmente, a extraordinaria vaga de lumes que viña de sufrir Galicia en outubro de 2017, publicado o 10 de agosto do 2018 do Boletín oficial do Parlamento de Galicia, recomendaba a aprobación dun texto único lexislativo.

O Pladiga reflicte a política e as medidas para a defensa dos terreos forestais e das áreas de influencia forestal, englobando, entre outros, os plans de prevención, protección, extinción, investigación e desenvolvemento, así como unha definición clara de obxectivos e metas



por conseguir, a programación das medidas e accións, o orzamento e o plan financeiro, e os indicadores da súa execución.

A Lei de prevención de riscos laborais, a Lei 31/1995 do 8 de novembro actualizada polo RD 5/2000 do 4 de agosto e reformada pola Lei 54/2003 do 12 de decembro, indica no seu artigo 14.2:

"Dereito á protección fronte aos riscos laborais. En cumprimento do deber de protección, o empresario deberá garantir a seguridade e a saúde dos traballadores ao seu servizo en tódolos aspectos relacionados co traballo. A estes efectos, no marco das súas responsabilidades, o empresario realizará a prevención dos riscos laborais mediante a integración da actividade preventiva na empresa e a adopción de cantas medidas sexan necesarias para a protección da seguridade e a saúde dos traballadores, coas especialidades que se recollen nos artigos seguintes en materia de plan de prevención de riscos laborais, avaliación de riscos, información, consulta e participación e formación dos traballadores, actuación en casos de emerxencia e de risco grave e inminente, vixilancia da saúde, e mediante a constitución dunha organización e dos medios necesarios nos termos establecidos no capítulo IV desta lei.

O empresario desenvolverá unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva co fin de perfeccionar de maneira continua as actividades de identificación, avaliación e control dos riscos que non se puideron evitar e os niveis de protección existentes e dispoñerá o necesario para a adaptación das medidas de prevención sinaladas no parágrafo anterior ás modificacións que poidan experimentar as circunstancias que incidan na realización do traballo."

Ante a actual situación de pandemia provocada pola crise da Covid-19, o Pladiga 2020 (Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia) debería contar cun procedemento de actuación, así como coa organización dos recursos materiais e humanos en relación á prevención do coronavirus no seu ámbito.

Por todo o exposto anteriormente as deputadas e o deputado que asinan preguntan:



Que dotación orzamentaria ten previsto dotar a Xunta de Galicia para facer fronte a esta nova situación?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 11/05/2020 18:36:11

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/05/2020 18:36:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 18:36:48



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Luís Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

A declaración do Estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 requiriu a adopción de medidas para facer fronte a esta conxuntura.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do doce de marzo de dous mil vinte, aprobou o Protocolo de actuación para o persoal empregado público da Administración da Xunta de Galicia en relación co coronavirus «COVID-19», RESOLUCIÓN do 12 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, publicada o xoves, 12 de marzo de 2020 (DOG Núm. 49-Bis).

Entre as medidas adoptadas no punto 5 atopábase a posibilidade de acollerse á modalidade de prestación de servizos a distancia a través do teletraballo para determinado persoal (o que tivese ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vise afectado polo peche de centros educativos ou de maiores), e no punto 8 recollíase, que se as recomendacións sanitarias así o aconsellaban, a posibilidade de adoptar medidas de posta en marcha do teletraballo.

A evolución da crise levou ao peche dos centros de traballo das distintas administracións, implementándose con carácter xeral o teletraballo desde o luns 16 de marzo.

O teletraballo era, ata que estalou a pandemia do coronavirus, unha modalidade de emprego moi restrinxida na Xunta de Galicia, o ano pasado os permisos concedéronse a 377 funcionarios dos servizos xerais, que supoñen o 2,4 % do total, e as autorizacións non abarcaban a totalidade da xornada, senón unha media de dous días á semana.

Coa crise da COVID-19 o teletraballo ampliouse ao 80 % do persoal e a xornada completa, neste período concedéronse 11.000 permisos de acceso remoto.



O coronavirus cambiou a concepción do traballo, abriu unha posibilidade real e ampliada para teletraballar e na desescalada o teletraballo seguirá sendo unha das principais ferramentas. Un novo modelo que todo parece indicar que funciona.

A extensión xeneralizada do teletraballo pola actual situación de urxencia sanitaria require un estudo posterior e aproveitar a experiencia adquirida para mellorar a normativa de regulación, recollida na Orde do 20 de decembro de 2013.

O propio comité de expertos económicos que asesora á Xunta ante a crise do coronavirus aposta pola flexibilidade na xornada laboral, por fomentar o teletraballo e cren necesaria a activación de medidas organizativas específicas neste sentido para a protección das empresas fronte ao "risco de rebrote" da COVID-19, o que supoñerá realizar os investimentos necesarios e formación.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Que dotación orzamentaria ten previsto a Xunta de Galicia para facer fronte a esta nova situación?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 11/05/2020 18:33:26

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/05/2020 18:33:43

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/05/2020 18:34:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa ás deficiencias do subministro de auga quente sanitaria no CHUS.

Desde a CIG-saúde denuncian que no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS) existen deficiencias no subministro de auga quente sanitaria. A mesma non chega a todos os puntos do hospital e xeito especial a diferentes servizos como diálise, neonatos, consultas externas...

Nun centro hospitalario esta carencia causa graves prexuizos e dificulta prestar unha axeitada asistencia sanitaria, dificulta a hixiene dos e das profesionais, e as deficiencias nas instalacións incluso poden ocasionar problemas para a saúde.

Toda vez que o servizo de mantemento do CHUS está privatizado, e corre a cargo dunha empresa externa, é preciso saber cal é a magnitude do problema; así como se a situación ten a ver con dificultades e/ou carencias da empresa adxudicataria para reparar a avaría ou se se trata dun problema estrutural, de falta de mantemento axeitado, así como se a Xerencia ten un informe de como están as instalacións.

Polas razóns expostas formúlase a seguinte pregunta para resposta oral:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións está realizando a Xunta para resolver o problema de subministro de auga quente sanitaria a diversos servizos do CHUS?

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 11/05/2020 18:50:45

Xosé Luis Bará Torres na data 11/05/2020 18:51:37

Olalla Rodil Fernández na data 11/05/2020 18:51:44

Ana Pontón Mondelo na data 11/05/2020 18:51:54



Á Mesa da Deputación Permanente

Julio Torrado Quintela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta na **Deputación Permanente**.

Nos recentes días foi coñecido, a través de diversos medios de comunicación, que a Xunta de Galicia dedicou máis dun millón de euros a embolsar e poñer o logo propio a mascarillas de uso contra a dispersión do coronavirus.

As mascarillas, repartidas posteriormente a través de oficinas de farmacia, que colaboraron voluntariamente na distribución de material de protección pero que non sabían do gasto da Xunta dedicado unicamente ao elemento propagandístico, foron adquiridas a finais do mes de abril. Foron en torno a 2 millóns de mascarillas, dedicando logo 1 millón de euros unicamente a embalar co logo propio da Xunta de Galicia como único engadido.

Dada a situación de loita contra o coronavirus que a Xunta de Galicia, e nomeadamente Núñez Feijóo, está utilizando con evidente corte electoral, é difícil de comprender dedicar un gasto tan relevante co único obxectivo de marcar a procedencia do material. Ese diñeiro, lonxe de ser utilizado para axudas en eido de servizos sociais ou en axudas para empregados, empresarios ou autónomos, foi destinado unicamente para unha utilización propagandística.

Por todo o exposto, os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal foi a necesidade de investir 1 millón de euros en poñer o logo nas mascarillas repartidas?

Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/05/2020 09:30:00
Nº Registro: 64205
Data envío: 12/05/2020 09:15:17.743

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 12/05/2020 09:12:55

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 09:13:10

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcl7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no Acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O 23 de abril os sindicatos UXT e CCOO rexistraban unha solicitude do Plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia, solicitando a constitución dunha mesa de negociación.

O 24 de abril este grupo parlamentario presentaba unha serie de iniciativas en relación ao devandito plan de desescalada. Quedando pendente a admisión a trámite de que os grupos parlamentarios remitiran á Mesa da Deputación Permanente, conforme ao informado polos Servizos Xurídicos, a súa conformidade unánime. Tras alcanzar a mesa da Deputación Permanente un acordo respecto ao tipo de iniciativas a presentar o 7 de maio reformulábanse estas.

A Dirección Xeral de Función Pública remitiu ás organizacións sindicais un borrador de protocolo para a reincorporación das empregadas e empregados públicos, establecendo un prazo de alegacións que remataba ou mércores 6 de maio.

O 5 de maio os sindicatos citados anteriormente presentaron un documento de 34 páxinas coas alegacións e tras as negociacións chegábase a un acordo o 7 de maio.

No Consello da Xunta de Galicia que tivo lugar o pasado 8 de maio aprobábase o Acordo polo que se aproba o Protocolo a través do que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19, o protocolo foi ratificado polas organizacións sindicais, Comisións Obreiras, UXT, CSIF e a CIG.

Polo exposto anteriormente as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego non convocou aos grupos parlamentarios a participar na devandita mesa de negociación?





Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/05/2020 12:10:35

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 12:10:57

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2020 12:11:32



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no Acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O 23 de abril os sindicatos UXT e CCOO rexistraban unha solicitude do Plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia, solicitando a constitución dunha mesa de negociación.

O 24 de abril este grupo parlamentario presentaba unha serie de iniciativas en relación ao devandito plan de desescalada. Quedando pendente a admisión a trámite de que os grupos parlamentarios remitiran á Mesa da Deputación Permanente, conforme ao informado polos Servizos Xurídicos, a súa conformidade unánime. Tras alcanzar a mesa da Deputación Permanente un acordo respecto ao tipo de iniciativas a presentar o 7 de maio reformulábanse estas.

A Dirección Xeral de Función Pública remitiu ás organizacións sindicais un borrador de protocolo para a reincorporación das empregadas e empregados públicos, establecendo un prazo de alegacións que remataba ou mércores 6 de maio.

O 5 de maio os sindicatos citados anteriormente presentaron un documento de 34 páxinas coas alegacións e tras as negociacións chegábase a un acordo o 7 de maio.

No Consello da Xunta de Galicia que tivo lugar o pasado 8 de maio aprobábase o Acordo polo que se aproba o Protocolo a través do que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19, o protocolo foi ratificado polas organizacións sindicais, Comisións Obreiras, UXT, CSIF e a CIG.

Polo exposto anteriormente as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego non facilitou información aos grupos parlamentarios acerca da constitución desta mesa?





Pazo do Parlamento, 11 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/05/2020 12:19:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 12:19:46

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2020 12:20:10



Á Mesa da Deputación Permanente

María Teresa Porritt Lueiro, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no Acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O 23 de abril os sindicatos UXT e CCOO rexistraban unha solicitude do Plan de desescalada para o persoal da Xunta de Galicia, solicitando a constitución dunha mesa de negociación.

O 24 de abril este grupo parlamentario presentaba unha serie de iniciativas en relación ao devandito plan de desescalada. Quedando pendente a admisión a trámite de que os grupos parlamentarios remitiran á Mesa da Deputación Permanente, conforme ao informado polos Servizos Xurídicos, a súa conformidade unánime. Tras alcanzar a mesa da Deputación Permanente un acordo respecto ao tipo de iniciativas a presentar o 7 de maio reformulábanse estas.

A Dirección Xeral de Función Pública remitiu ás organizacións sindicais un borrador de protocolo para a reincorporación das empregadas e empregados públicos, establecendo un prazo de alegacións que remataba ou mércores 6 de maio.

O 5 de maio os sindicatos citados anteriormente presentaron un documento de 34 páxinas coas alegacións e tras as negociacións chegábase a un acordo o 7 de maio.

No Consello da Xunta de Galicia que tivo lugar o pasado 8 de maio aprobábase o Acordo polo que se aproba o Protocolo a través do que se establece a reincorporación dos empregados públicos ao traballo presencial e as medidas de prevención fronte ao COVID-19, o protocolo foi ratificado polas organizacións sindicais, Comisións Obreiras, UXT, CSIF e a CIG.

Polo exposto anteriormente as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Por que a Xunta de Galicia non fixo chegar o borrador para que os grupos parlamentarios puidesen facer as súas achegas e formularen alegacións?





Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

María Teresa Porritt Lueiro na data 12/05/2020 12:12:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 12:12:32

Patricia Vilán Lorenzo na data 12/05/2020 12:12:48



Á Mesa da Deputación Permanente

Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa López, Pedro Puy Fraga, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo e Gonzalo Trénor López deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Deputación Permanente:**

Exposición de Motivos:

O comercio e o turismo están sendo uns dos sectores máis afectados polas medidas de confinamento máis restritivas de toda Europa que está a por en marcha o Goberno de España por afrontar tardiamente, improvisadamente e descoordinadamente unha crise sanitaria que xa estaba a facer estragos noutros países.

O peche dos establecementos comerciais non esenciais durante 50 días po mor do estado de alarma é un drama para os máis dos 35.000 comercios galegos

O pasado luns 4 de maio entrábamnos na fase cero do plan de desescalada do Goberno Central, na que os comercios poderían comenar abrir baixo unhas condicións e unhas normas que o Goberno non se dignou a publicar ata a tardiña do domingo 3 de maio.

Apenas unhas horas de marxe para que os comerciantes adapten os seus establecementos a nova situación Covid19. Outra improvisación e falta de respecto a autónomos e Pemes que xa están ao limite

Ante tanto despropósito e tanto desconcerto por parte do Goberno de España, a Xunta de Galicia e o comercio galego traballan xuntos tanto no protocolo para aperturas dos negocios como nas medidas para favorecer a súa reactivación económica.

Tanto o Presidente da Xunta de Galicia como o Conselleiro de Economía Emprego e Industria así como a Directora Xeral de Comercio mantiveron diferentes reunións a través de videoconferencia cos representantes do comercio galego co obxecto de afondar nos pasos a dar para activar as medidas de apoio máis precisas e efectivas, e así mesmo, por en marcha un plan de reactivación económica do sector que permita incentivar a demanda.



O pequeno comercio precisa unha nova folia de ruta que recolla medidas de prevención e saúde acompañada dunha campaña de información de comercio seguro; así como medidas que impulsen definitivamente a adecuación aos novos formatos de venda on-line que faciliten a compra “a golpe de clik”no noso comercio local sen necesidade de desprazarse ao establecemento; e a súa vez intensificar as campañas de promoción para afondar no interese imperante nos nosos concidadáns por salvagardar o noso tecido comercia local.

En bases a estas reunións co sector comercial galego os deputados e deputadas do grupo parlamentario popular formulamos a seguinte pregunta:

-Que medidas de apoio ao pequeno comercio está poñendo en marcha a Xunta de Galicia a raíz da nova situación de Covid19 que contribúan a xerar as condicións que axuden a súa supervivencia?

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2020.

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/05/2020 12:23:11

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/05/2020 12:23:28

Marta Novoa Iglesias na data 12/05/2020 12:23:49

Pedro Puy Fraga na data 12/05/2020 12:24:09

Paula Prado Del Río na data 12/05/2020 12:24:43

Raquel Arias Rodríguez na data 12/05/2020 12:25:30

Moisés Blanco Paradelo na data 12/05/2020 12:26:06

Gonzalo Trenor López na data 12/05/2020 12:26:31



Á Mesa da Deputación Permanente

Teresa Egerique Mosquera, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández e Gonzalo Trénor López deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Deputación Permanente:**

Exposición de Motivos:

O estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, motivou un parón importante na produción que a ampla cadea de mar-industria realiza no país. Un forte castigo económico provocada polo Covid-19, ante o que coñecemos que a Xunta de Galicia e, neste caso, a Consellería do Mar, non perderon nin un minuto en estudar posibles medidas a adoptar para facerlle fronte, paliar e reverter, na medida do posible, a situación.

Entendemos que unha parte destes mecanismos de apoio deben saír fundamentalmente do FEMP e que debían incluír como beneficiaria a toda a cadea mar-industria como afectada pola paralización da actividade, para compensar a suspensión ou a redución da súa produción.

Sabemos que para acadar esta solución o FEMP debería reformularse para incluír axudas ao segmento marisqueiro e financiamento ao segmento do almacenamento e transformación dos produtos pesqueiros e de acuicultura; e que esta modificación foi aprobada no pleno do Parlamento Europeo a mediados de abril, sendo posteriormente estendido o acordo ao Consello de Ministros de Pesca da UE e referendándose esta codecisión na publicación do *Regulamento (UE) 2020/560 do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2020 polo que se modifican os Regulamentos (UE) 508/2014 e (UE) 1379/2013 en relación con medidas específicas para atenuar o impacto do brote de COVID-19 no sector da pesca e da acuicultura.*

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



- Cal foi a postura e a xestión do Goberno de Galicia a prol de conseguir a flexibilización do regulamento do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) para integrar posibles axudas a mariscadoras e á transformación?

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2020.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/05/2020 12:27:55

Pedro Puy Fraga na data 12/05/2020 12:28:13

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/05/2020 12:28:36

Paula Prado Del Río na data 12/05/2020 12:29:00

Raquel Arias Rodríguez na data 12/05/2020 12:29:19

Moisés Blanco Paradelo na data 12/05/2020 12:29:49

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/05/2020 12:30:13

Gonzalo Trenor López na data 12/05/2020 12:30:42



Á Mesa da Deputación Permanente

Teresa Egerique Mosquera, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández e Gonzalo Trénor López deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Deputación Permanente:**

Exposición de Motivos:

O sector do marisqueo conta en Galicia con arredor de 7.000 persoas, das cales 3.777 correspóndense con permisos de explotación a pé, e 2.893 son permisos de explotación desde embarcación.

Con motivo do estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, produciuse un histórico parón económico do país, chegando incluso a “hibernar”, feito que sen embargo non afectou ao sector da alimentación, para garantir así o subministro a toda a poboación, especialmente cando a cidadanía se dispuxo a facer acopio de comestibles ante a situación de confinamento.

Neste caso, a actividade marisqueira de bivalvos e de recursos específicos podía continuar a súa actividade, xa que non foi decretado o seu peche, mais as canles comerciais desta actividade víronse, a dicir do sector e constatados os datos, sometidos a un peche case total.

O certo é que cunha poboación recluída nas súas vivendas e tendo en conta que a principal compradora desta mercadoría é a hostalería, que ante esta situación tivo que pechar as súas portas e tardará tempo en recuperar, a situación do sector veuse comprometida entre a falla de demanda e as dificultades de desenvolver a súa tarefa.

Sabemos que desde a Consellería do Mar se estivo a facer seguimento permanente desta situación neste período, e que se someteu o mesmo a análise constante para propoñer e promover alternativas e solucións para esta actividade.

Por todo o sinalado, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



- Cal foi a actuación da Consellería do Mar en relación á actividade do marisqueo e da adopción de medidas de flexibilidade na cuantificación das perdas e da dotación de medios preventivos ao sector?

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2020.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/05/2020 12:34:28

Pedro Puy Fraga na data 12/05/2020 12:34:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/05/2020 12:35:10

Paula Prado Del Río na data 12/05/2020 12:35:37

Raquel Arias Rodríguez na data 12/05/2020 12:35:56

Moisés Blanco Paradelo na data 12/05/2020 12:36:14

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/05/2020 12:36:31

Gonzalo Trenor López na data 12/05/2020 12:36:50

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa da Deputación Permanente

Teresa Egerique Mosquera, Pedro Puy Fraga, Miguel Tellado Filgueira, Paula Prado del Río, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Cristina Romero Fernández e Gonzalo Trénor López deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Deputación Permanente:**

Exposición de Motivos:

Unha parte fundamental da actividade económica de Galicia é a correspondente ao sector marítimo-pesqueiro, no que milleiros de profesionais desenvolven o seu labor a bordo de buques pesqueiros.

O estado de Alarma, decretado o pasado 13 de marzo, motivou un parón importante no país, e coñecemos que a Xunta de Galicia e, neste caso, a Consellería do Mar, non baixou a garda nin na defensa dos intereses do sector nin na protección dos traballadores do mar.

Neste eido, sabemos que o obxectivo da Consellería do Mar foi e é conseguir unha maior eficiencia e eficacia tanto no uso dos medios dispoñibles como na atención das tripulacións á súa chegada a porto, no caso da existencia de posibles enfermos polo Covid-19 a bordo dos buques; sendo conscientes de que unha atención ineficiente ou o menoscabo na utilización de medios en caso de esperas nos peiraos por dilacións ou adiantos nas comunicacións de chegada aos portos das embarcacións afectadas podería ser moi prexudicial.

É por iso que para darlle seguridade á frota, este departamento realizou diversos movementos e adoptou varias accións que puideran levar a unha maior seguridade e a unha mellor integración das medidas para traballar nestes casos.

Por todo o sinalado anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:



- Cal foi a actuación do Goberno central e, particularmente, do Instituto Social da Mariña (ISM) na atención da necesidade dun protocolo de actuación fronte a casos de Covid-19 a bordo dos buques pesqueiros?

Santiago de Compostela, a 12 de maio do 2020.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 12/05/2020 12:37:32

Pedro Puy Fraga na data 12/05/2020 12:37:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/05/2020 12:39:46

Paula Prado Del Río na data 12/05/2020 12:40:11

Raquel Arias Rodríguez na data 12/05/2020 12:40:36

Moisés Blanco Paradelo na data 12/05/2020 12:40:56

Cristina Isabel Romero Fernández na data 12/05/2020 12:41:17

Gonzalo Trenor López na data 12/05/2020 12:41:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa da Deputación Permanente

Luís Manuel Álvarez Martínez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara e no acordo de funcionamento da Deputación Permanente, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral.

O Diario Oficial de Galicia (DOG) do 2 de marzo de 2020 publica o cese dos delegados territoriais da Xunta de Galicia, o que ocorreu como consecuencia da convocatoria de eleccións autonómicas, previstas naquel momento para o 5 de abril de 2020, segundo o Decreto 12/2020, do 10 de febreiro, de disolución do Parlamento de Galicia e de convocatoria de eleccións.

Ademais, eses ceses son consecuencia de que as persoas cesadas figuraban ou figurarían nas listas presentadas polo Partido Popular de Galicia ás eleccións autonómicas e das incompatibilidades previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ou dito doutro modo, a compatibilidade do exercicio dun alto cargo da Xunta de Galicia co cargo de deputado ou deputada no Parlamento de Galicia, só no caso dos membros do Goberno galego, tal como establece o artigo 40º.1.e da citada lei.

Posteriormente, o mércores 18 de marzo de 2020 publícase o Decreto 45/2020, do 18 de marzo, polo que se deixa sen efecto a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia do 5 de abril de 2020 como consecuencia da crise sanitaria derivada da COVID-19 e o venres 20 de marzo de 2020, as persoas cesadas como delegados territoriais da Xunta de Galicia volven ser nomeados mediante os correspondentes decretos.

Se chama a atención a rapidez coa que a Xunta de Galicia volveu a nomear a estas persoas, non a chama menos que se faga referencia ás deliberacións que se produciron no seo do Consello da Xunta de Galicia, sobre as cales non existe a máis mínima xustificación na referencia que se traslada aos medios de comunicación en canto á xustificación desta medida, e que se transcribe aquí para maior claridade:

“O Consello da Xunta aprobou hoxe os decretos de nomeamento de varios altos cargos do Goberno autonómico.

Os decretos recollen os nomeamentos de Álvaro Pérez López como secretario xeral da Presidencia; de Antonio Rodríguez Miranda como secretario xeral da Emigración; de Susana López Abella como secretaria



xeral da Igualdade; de Marta Fernández-Tapias Núñez como directora xeral de Administración Local; de Ovidio Rodeiro Tato como delegado territorial da Xunta na Coruña; de José Manuel Balseiro Orol como delegado territorial da Xunta en Lugo; de Marisol Díaz Mouteira como delegada territorial da Xunta en Ourense; de José Manuel Cores Tourís como delegado territorial da Xunta en Pontevedra; e de Corina Porro Martínez como delegada territorial da Xunta en Vigo.

Así mesmo, os nomeamentos de Borja Vereá Fraiz como secretario xeral técnico da Consellería de Economía, Emprego e Industria; de María Nava Castro Domínguez como directora de Turismo de Galicia; e de Silvestre José Balseiros Guinarte como director xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.”

Como se observa ningunha xustificación da necesidade de nomear de novo a estes altos cargos.

Pero o certo é que esas persoas despregaron desde o seu renovado nomeamento unha intensa campaña pública na replicación das actuacións da Xunta de Galicia relacionadas coa xestión a nivel autonómico da crise da COVID-19 e repetición da estratexia de confrontación co Goberno do Estado e cuestionamento das actuacións que levaba a cabo.

Ante esta situación, semella que estes nomeamentos estiveron máis motivados pola urxencia política do Partido Popular que por necesidade de xestión eficiente da Administración da Comunidade Autónoma.

Así as cousas, fórmulase a seguinte pregunta:

A que se debeu o protagonismo electoralista das persoas delegadas territoriais da Xunta de Galicia na distribución de material para facer fronte á crise provocada pola COVID-19?

Pazo do Parlamento, 12 de maio de 2020

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/05/2020 13:05:25





Julio Torrado Quintela na data 12/05/2020 13:05:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa á valoración por parte da Xunta de Galiza do intento de XEAL (antiga Ferroatlántica) de aproveitar a crise do coronavirus para desmantelar as súas unidades produtivas e as actuacións que vai levar a cabo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas coñecíase o resultado de falta de consenso da negociación dun ERTE en XEAL que a empresa pretende aplicar nas fábricas de Cee e Dumbría e nas centrais hidroeléctricas do río Xallas, cuxa concesión dependen en última instancia da Xunta de Galiza, que deba velar polo seu bo uso. Porén, esta vixilancia está a ser descoidada, como anteriormente fixo o goberno galego, e a día de hoxe nin sequera se esixiu o plan industrial após unha operación de venda inzada de sospeitas.

Desde o Comité de empresa alertan de que estamos diante dunha nova fraude, e que a empresa está a aproveitarse da crise sanitaria para aforrar custos e avanzar nunha estratexia de desmantelamento e minoración da produción comprometendo a viabilidade das fábricas cando neste momento podería continuar a producir con normalidade e cando mesmo conta cunha posición vantaxosa respecto da competitividade enerxética ademais de tratarse dunha actividade considerada como esencial. Porén, esta liña de minoración da produción xa se tiña iniciado previamente coa paralización progresiva da actividade dos fornos. Xa o 13 de marzo, con anterioridade á declaración do estado de alarma por parte do goberno central, a dirección cesou a produción en dous fornos, deixando activos só cinco, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que se acrecentaba á parada produtiva de comezos de 2020 respecto do forno 13, tamén denunciada no seu día.

A empresa non quixo negociar ningunha das alternativas do comité de empresa malia que no período de consultas a representación legal dos e das traballadoras presentou unha batería de medidas organizativas alternativas, que permitirían manter a produción e garantir as medidas de seguridade e protección adecuadas. Así mesmo, sorprende tamén que a empresa non quixera vincular esta medida do ERTE co estado de alarma nin ofrecer garantías para retomar a produción, ao tempo que non abandona os recursos contra a resolución administrativa de Augas de Galiza impedindo a segregación de actividades que pretendían levar a cabo no ano 2017.

Esta é unha situación grave e extrema diante da que non se pode permitir de novo o silencio cómplice da Xunta de Galiza.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral:

Que actuacións está a levar a Xunta de Galiza para garantir a actividade produtiva da antiga Ferroatlántica cumprindo as condicións de concesión das centrais do Xallas?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2020 13:29:09

Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2020 13:29:17

María Montserrat Prado Cores na data 12/05/2020 13:29:25

Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2020 13:29:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral**, relativa á necesidade dun novo modelo de financiamento xusto para Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade dun novo sistema de financiamento que garanta suficiencia e capacidade financeira do noso país é unha evidencia co estoupido da crise da Covid 19. A resposta a esta crise debe centrar o gasto en reforzar servizos públicos, en especial os sanitarios, e prestacións sociais, así como a políticas de impulso e dinamización económica, fundamentais para impulsar a recuperación unha vez superada a emerxencia sanitaria, e cómpre lembrar que as competencias para levar a cabo estas políticas residen en Galiza.

Nesta crise viuse perfectamente como o Estado pretendía acaparar competencias propias e despois non era quen de abordalas. Mais vimos tamén con preocupación un Goberno galego disposto a non querer decidir nin asumir nada. As e os nacionalistas estamos convencidos de que a liña de actuación ten que ser a contraria, apostar nas nosas capacidades e demandar o dereito a decidir sobre o que nos concerne.

A resposta esta crise debe ser o punto e final a un reparto do gasto inxusto. Non pode supoñer avanzar nas decisións que se deron a partir de 2008 por PP e PSOE que se resumen en que hoxe asumimos como país responsabilidades que asumen en detrimento dun sobrerrepresentado gasto do Estado en manterse a si propio (de máis do 50% do total). Ademais, moi alonxado das necesidades que pon de manifesto esta crise, como o gasto





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

militar e en especial os programas de renovación do armamento, o financiamento á igrexa católica, etc. Ningunha destas cuestións están a servir para salvar vidas.

O actual modelo de financiamento, está esgotado e resulta totalmente obsoleto para enfrontar a crise do coronavirus, e debe ser prioridade do goberno negociar un novo modelo baseado no concerto económico e non admitir nin un paso atrás na recentralización política ou económica.

Por estes motivos fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral:

Comprométese o Goberno galego coa demanda dun novo modelo de financiamento baseado nun concerto económico que dote Galiza de capacidade de decisión sobre os seus recursos?

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2020

Asdo.: Ana Pontón Mondelo

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 12/05/2020 13:39:26

Xosé Luis Bará Torres na data 12/05/2020 13:39:34

María Montserrat Prado Cores na data 12/05/2020 13:39:44

Olalla Rodil Fernández na data 12/05/2020 13:39:51



Á MESA DA DEPUTACIÓN PERMANENTE

Antón Sánchez García, Ánxeles Cuña Bóveda, Carmen Santos Queiruga, Luca Chao Pérez e Marcos Cal Ogando, deputadas do **Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda**, ao abeiro do recollido no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **PREGUNTA para a súa resposta escrita**.

O Cecop vén de adoptar medidas para a autorización de accións de caza baixo diferentes supostos para os cales non require a elaboración dun informe científico xustificativo deixando que, en pleno Estado de Alarma, as delegacións territoriais da Consellería de Medio Ambiente autoricen batidas contra calquera tipo de animal cumprindo un ridículo protocolo que non evita os desprazamentos e que faculta unha maior mobilidade ás persoas polo mero feito de dispoñer dunha licencia de caza.

Tendo en conta que o propio Plan de desescalamento anunciado polo Goberno central plantexa a reanudación da caza e da pesca na fase 2, as medidas do Goberno galego carecen de amparo legal no Real Decreto 463/2020 e nas sucesivas ordes ministeriais, motivo polo cal foron denunciadas diferentes autorizacións neste período de confinamento por parte de ONGs.

Na práctica a Xunta permite a caza colectiva como subliña un dos parágrafos desta Resolución do 27 de Abril: “No caso das batidas, o número de participantes será conforme a lei” sen asumir os riscos que conleva a falta de distanciamento social.

Por todo isto, **presentamos as seguintes preguntas:**

1.- Que estudos emprega o Cecop e a Consellería de Medio Ambiente para



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64132
Data envío: 06/05/2020 17:34:32.197

xustificar as autorizacións de caza “por danos” durante o Estado de Alarma?

2.- Dispón o Goberno galego dalgún estudo científico que amose incremento de danos agrícolas?

3.- Cantas veces se reuniu presencial ou telematicamente con colectivos procaza durante o Estado de Alarma? Cantas con colectivos ambientalistas ou ecoloxistas? Cantas con organizacións animalistas?

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2020.

Asdo.: Antón Sánchez García
Ánxeles Cuña Bóveda
Carmen Santos Queiruga
Luca Chao Pérez
Marcos Cal Ogando

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 06/05/2020 17:28:54

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 06/05/2020 17:29:15

Carmen Santos Queiruga na data 06/05/2020 17:29:37



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64132
Data envío: 06/05/2020 17:34:32.197

Luca Chao Pérez na data 06/05/2020 17:29:56

Marcos Cal Ogando na data 06/05/2020 17:30:16

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcc17
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584
gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal

Á Mesa da Deputación Permanente

Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo **Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

As bibliotecas públicas poderán ser abertas na fase I do levantamento das normas de confinamento, previsiblemente dende o 11 de maio.

Por suposto, esta apertura ten que facerse cas máximas garantías sanitarias e de seguridade para usuarios e traballadores o que implica ter normas e protocolos claros de actuación.

A maior parte das bibliotecas públicas da nosa Comunidade son municipais e practicamente todas pertencen a Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, cuxa dirección e coordinación é responsabilidade da Xunta de Galicia a través del Servizo do Sistema de Bibliotecas de Galicia de la Consellería de Cultura e Turismo.

Debido a estas responsabilidades da Xunta de Galicia, e ante a inminencia da apertura das bibliotecas públicas sen que o Goberno de Galicia presentase ningunha resolución, nin debatese ningún plan de apertura nin con concellos nin cos bibliotecarios, a Asociación Profesional de Bibliotecarios Municipais de Galicia dirixiuse a Xunta de Galicia para solicitar un protocolo e directrices claras de actuación que se poderán implantar en todas as bibliotecas públicas, de forma unificada.

Neste escrito, presentado xa o 13 de abril á Subdirección Xeral de Bibliotecas, os representantes da asociación xa propoñían unha serie de actuacións para garantir a seguridade de usuarios e traballadores no momento de abrir.

Polo tanto, as propostas, froito da preocupación do colectivo, foron presentadas con tempo suficiente para chegar a definir un protocolo que se aplicase a todas as bibliotecas, pero como sempre a Xunta, a través neste caso da subdirección xeral de bibliotecas e do libro, contestou case 20 días despois, e dicindo, se se me permite a expresión coloquial, “se arranxasen como puidesen, que eles non ían facer nada”.



Esta é unha contestación inaceptable desde o punto de vista político, porque a Xunta dirixe a Rede de Bibliotecas Públicas, e tamén irresponsable porque a maioría dos concellos son pequenos e con moi poucos recursos. Ademais a Xunta ten que dar as normas para as bibliotecas da súa xestión, polo que non entendemos por que non prepara un documento para todas.

Consideramos, polo tanto que a actitude da Xunta de Galicia cas bibliotecas municipais, centros culturais e tamén sociais fundamentais para a cidadanía e inadmisibile e supón outra vez mais, un abandono das súas funcións e responsabilidades.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Vai a elaborar a Xunta de Galicia, cabeza da Rede de Bibliotecas publicas de Galicia, un protocolo de actuación para a apertura das bibliotecas publicas de forma que se garanta a seguridade de traballadores e usuarios, tal como está a solicitar a Asociación Profesional de Bibliotecarios municipais de Galicia?

2.^a) Por que aínda non elaborou este protocolo de actuación nin publicou ningunha resolución cando a apertura das bibliotecas publicas pode ser inminente?

3.^a) Ten a Xunta de Galicia un protocolo de actuación e normas claras para a apertura das bibliotecas da súa xestión como as nodais ou a Biblioteca da Cidade da Cultura?

Pazo do Parlamento, 06 de maio de 2020

Asdo.: Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/05/2020 18:37:16





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/05/2020 09:30:00
Nº Rexistro: 64138
Data envío: 06/05/2020 18:40:19.709

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/05/2020 18:38:13

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcl7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por escrito.

Transparencia para o Goberno galego: ninguén puido obter información sobre o convenio de colaboración firmado entre o Instituto de Estudos do Territorio (IET) -dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda- e o Concello de Cerdedo-Cotobade, de 4 de xaneiro de 2019. De feito, o dito convenio non figurou no rexistro de convenios máis dun ano despois da súa firma, polo que a Administración autonómica incumpriu a súa propia lei 1/2016, sobre transparencia na CA de Galicia.

Revisado o convenio (ao que accedemos a través da páxina de transparencia da Intervención Xeral da Administración do Estado, no Ministerio de Facenda), ata podería parecer normal que se ocultase: encadra o asunto na obrigatoria protección da paisaxe (Lei 7/2008, do 7 de xullo); di que o concello “expón” a necesidade de afrontar obras para a protección, xestión e ordenación dos Meandros do Lérez e da Serra do Cando a través dun protocolo pola paisaxe; non menciona nin unha soa liña relativa á convocatoria pública de axudas a tales fins, mais especifica o desenvolvemento dun “proxecto piloto” de pacto pola paisaxe no ano 2019, que poda servir de modelo para outros entes locais; exclúe expresamente os principios de publicidade e concorrencia pública, “xa que o obxecto deste acordo é atender necesidades específicas do Concello de Cerdedo-Cotobade, único concello que ten solicitado perante esta administración a celebración dun pacto pola paisaxe” e así xustifica o procedemento de concesión directa de case 685.000 euros, sendo esa contía unha porcentaxe moi significativa do orzamento do IET en inversións e transferencias de capital (909.000 euros).

Como consecuencia, o 15 de abril deste ano, o Defensor del Pueblo emitiu unha resolución:

1. Afirmando que o convenio subscrito para outorgar directamente unha subvención ao concello de Cerdedo-Cotobade é nulo, por terse prescindido total e absolutamente do procedemento legalmente establecido e obtido a axuda mediante concesión directa sen reunir os requisitos esenciais do procedemento administrativo.



2. Suxerindo que se revise de oficio o dito convenio, declarar a súa nulidade e esixir o reintegro da cantidade.
3. Finalmente, recomendando aprobar as bases reguladoras das axudas destinadas a entidades locais para a protección e fomento da paisaxe e outorgar as subvencións a través dun procedemento de concorrencia competitiva de acordo cos principios establecidos na Lei de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que vai facer o Goberno da Xunta de Galicia ante a resolución do Defensor del Pueblo, de 15 de abril de 2020, con relación ao convenio de colaboración firmado entre o Instituto de Estudos do Territorio e o Concello de Cerdedo-Cotobade, de 4 de xaneiro de 2019?

Pazo do Parlamento, 07 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2020 09:35:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 09:35:28



Á Mesa da Deputación Permanente

Patricia Vilán Lorenzo e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **pregunta** para a súa resposta por **escrito**.

Segundo soubemos por novas de prensa, o Goberno da Xunta de Galicia quere prolongar a tempada alta nas illas Cíes ata o 15 de outubro e pedirá ao Goberno español mudar o período de visitas para compensar as perdas das navieiras e o sector por culpa da pandemia.

Case 20 anos agardando polo Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, aprobado polo Decreto 177/2018, do 27 de decembro, e agora resulta que o que di o plan non está ben (tempada alta é o período transcorrido dende o 15 de maio ata o 15 de setembro, de acordo co estudo de capacidade de carga para non provocar un desequilibrio ecolóxico nin unha afección significativa sobre os compoñentes da biodiversidade).

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cumpre o Goberno da Xunta de Galicia o Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia para contentar ás empresas navieiras?

Pazo do Parlamento, 07 de maio de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Luís Manuel Álvarez Martínez
Portavoz adxunto do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/05/2020 09:39:32
Nº Rexistro: 64161
Data envío: 08/05/2020 09:39:32.775

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/05/2020 09:36:37

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/05/2020 09:36:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGE6a6y6zcl7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa da Deputación Permanente

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Ana Pontón Mondelo, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Só oito meses despois de que se formalizase a venda das factorías de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital, o pasado 15 de abril fíxose público que o devandito fondo suízo vendeu unha participación do 75% ao Grupo Industrial Riesgo. Deste xeito, o Grupo Riesgo, a través do seu vehículo de investimento System Capital Management SL (SCM), farase co control da actual Alu Ibérica.

Segundo a representación do cadro de persoal da factoría coruñesa, en ningún momento o Comité de Empresa foi informado nin se lle proporcionou documentación algunha da venda de Parter Capital ao Grupo Riesgo.

Cómpre lembrar que a venda das factoría de Alcoa a Parter Capital foi no seu momento tutelada polo Ministerio de Industria quen, co visto e prace da Xunta de Galiza, saudou a operación, destacando que cumpría “co compromiso subscrito polo Goberno, administracións autonómicas, comités de empresa e a multinacional Alcoa para atopar unha solución integral e viábel aos case 700 postos de traballo que estaban en risco”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ás dúbidas sobre a solvencia e a praxe empresarial dos novos compradores súmase que Alcoa considera que esta operación é unha ruptura do acordo de xullo de 2019 e pode afectar ao cumprimento dos compromisos adquiridos pola multinacional norteamericana. Ademais, que se produza esta revenda tan só 8 meses despois da adquisición por Parter Capital evidencia a falta de compromiso real do fondo suízo para levar a cabo o plan industrial comprometido (máxime cando ven de admitir que as negociacións co Grupo Riesgo se iniciaron en setembro de 2019) e pon en cuestión o papel desenvolvido tanto polo Ministerio de Industria como pola Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza para procurar unha solución que garanta a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego.

Esta situación, unida á falta dunha solución definitiva que garanta a viabilidade das industrias electrointensivas, xera novas incertezas sobre o futuro dunha factoría da que dependen preto de 400 empregos directos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita.

-Que actuacións está a levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir que a operación de venda de Alu Ibérica non supón ningunha operación que non asegure a continuidade da actividade industrial e o mantemento do emprego?

-Por que adopta a Xunta de Galiza unha actitude pasiva diante desta situación, sen ter unha valoración pública desde que isto se coñeceu o pasado 16 de abril?

-Ten solicitado ou vai solicitar a Xunta de Galiza a reunión da coñecida como mesa de Alcoa? En que data e por que medio?

-Como valora a Xunta de Galiza a reacción de Alcoa a estes acontecementos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Vai demandar e liderar a Xunta de Galiza o estudo de cantas alternativas sexan necesarias para asegurar a pervivencia dun sector industrial estratéxico, incluída a súa incorporación ao sector público?

Santiago de Compostela, 8 de maio de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/05/2020 11:06:59

Xosé Luis Bará Torres na data 08/05/2020 11:07:06

María Montserrat Prado Cores na data 08/05/2020 11:07:13

Ana Pontón Mondelo na data 08/05/2020 11:07:20



De: Comisión Mixta para la Unión Europea <cmue@congreso.es>

Enviado el: lunes, 11 de mayo de 2020 16:56

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2020) 198]

Asunto: Propuesta de DECISIÓN DEL CONSEJO por la que se modifican las Directivas (UE) 2017/2455 y (UE) 2019/1995 en lo que respecta a las fechas de transposición y de aplicación debido a la crisis provocada por la pandemia de COVID-19 [COM(2020) 198 final] [2020/0082 (CNS)]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





Bruselas, 8.5.2020
COM(2020) 198 final

2020/0082 (CNS)

Propuesta de

DECISIÓN DEL CONSEJO

por la que se modifican las Directivas (UE) 2017/2455 y (UE) 2019/1995 en lo que respecta a las fechas de transposición y de aplicación debido a la crisis provocada por la pandemia de COVID-19.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

